

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CURSO ACADÉMICO 2022 / 2023

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización..... Páx. 4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave..... Páx. 4
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais..... Páx. 7
4. Concreción de obxectivos por curso..... Páx. 7
5. Programacións específicas:

5.1 Materia: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO (páx. 9)

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais	Páx. 10
Procedementos e instrumentos de avaliación	22
Criterios de cualificación e promoción	22
Metodoloxía. Estratexias e materiais e recursos didácticos	24
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	25
Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	25
Medidas de atención á diversidade	26
Concreción dos elementos transversais	26

5.2 Materia: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO (páx. 28)

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais	Páx. 29
Procedementos e instrumentos de avaliación	47
Criterios de cualificación e promoción	47
Metodoloxía. Estratexias e materiais e recursos didácticos	49
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	50
Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	50
Medidas de atención á diversidade	51
Concreción dos elementos transversais	51

5.3 Materia: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO (páx. 53)

Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais	Páx. 54
Procedementos e instrumentos de avaliación	66
Criterios de cualificación e promoción	66
Metodoloxía. Estratexias e materiais e recursos didácticos	67
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	68
Organización de procedementos para acreditar coñecementos previos	69
Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	69
Medidas de atención á diversidade	69
Concreción dos elementos transversais	70

6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	Páx. 71
7. Accións de contribución ao plan TIC	Páx. 71
8. Accións de contribución ao plan de convivencia.....	Páx. 72
9. Accións de contribución ao proxecto lector.....	Páx. 72
10. Actividades complementarias e extraescolares do departamento.....	Páx. 72
11. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.....	Páx. 72
ANEXO 1. Acordos TIL.....	Páx. 73

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta Programación corresponde á materia de Lingua Castelá e Literatura que se imparte como materia obrigatoria troncal no IES Martaguisela do Barco de Valdeorras.

A bisbarra de Valdeorras sitúase no extremo nordeste da provincia de Ourense, limítrofe coa de Lugo e xa limitando coa de León. A comarca de Valdeorras, na que se empraza O Barco, é unha antiga e transitada vía de acceso a Galicia. Isto fai que en moitos aspectos humanos, ademais dos naturais, se note a transición cara á terras leonesas, especialmente coa comarca do Bierzo. A proximidade da capital berciana (Ponferrada) fai que sexa un referente en moitos aspectos, como os comerciais e de ocio, e incluso é o lugar de residencia dalgúns dos profesores e profesoras do Centro.

Aínda que a comarca presenta un forte envellecemento, coa conseguinte redución de poboación en idade escolar, é este un proceso menos intenso no concello do Barco, en especial pola importante presenza de poboación inmigrante. Este fenómeno débese ao dinamismo económico ligado ás canteiras e empresas relacionadas coa lousa que ofertan emprego. Xunto a esta actividade, algunha empresa e o sector servizos, destaca o sector vitivinícola cunha crecente importancia económica debido á boa imaxe que están gañando os seus viños e á consolidación de bodegas comercializadoras.

O IES Martaguisela emprázase na rúa Coruña, número 22 no extremo oeste do Barco. O alumnado de zonas limítrofes utiliza o transporte escolar aínda que a maioría vive no casco urbano.

O alumnado que se incorpora ao Centro procede do CEIP Julio Gurriarán Canalejas do Barco (centro adscrito) e doutros centros de primaria ou de localidades próximas. Dado que non sucede como nunha cidade, onde pode predominar o alumnado dun tipo de barrio moi determinado, neste caso podemos encontrar case toda a variedade social existente na comarca. Aínda que existen casos, son moi pouco numerosos os alumnos nos que a limitación sexa unha marcada carencia de recursos e, nese caso, tratarase de facilitar os recursos necesarios. Si parece notarse un pouco máis o nivel cultural medio-baixo predominante nas familias, que quizais contribúa á mentalidade de moitos alumnos de que non é necesario esforzarse se total van traballar despois facilmente, especialmente na lousa, aínda que isto está cambiando e agora parte da xente nova volve a retomar os seus estudos. Tamén hai que destacar a importante presenza de alumnos inmigrantes. Hai nacionalidades variadas, pero cun claro predominio de portugueses e iberoamericanos. Por agora, non se detectan problemas de integración, e nalgúns casos a rápida inmersión social e lingüística é sorprendente. É un Centro no que a atención á diversidade ten neste aspecto un especial coidado.

Para consulta de calquera outro dato (normativa, Regulamento de Réxime Interno, instalacións, órganos de goberno...) remitimos ao PEC que se pode atopar tanto no propio Centro como na páxina web do Instituto.

Para este curso, este Departamento estará formado por:

Profesoras do Departamento	Cursos e grupos que imparte	Cargo
Manuela Álvarez Sánchez	Lingua Castelá e Literatura 4º ESO (A) Lingua Castelá e Literatura 1º BACH. (A/B) Lingua Castelá e Literatura 2º BACH. (A/B)	Xefa do Departamento Titora 2º BACH. B
Pilar Rodríguez Pereira	Lingua Castelá e Literatura 2º ESO (LC2/LC3) Afondamento de linguas 2º ESO (A/B) Lingua Castelá e Literatura 3º ESO (A/B/C)	Titora 2º ESO B
Andrea Méndez Domínguez	Lingua Castelá e Literatura 1º ESO (A/B/C) Lingua Castelá e Literatura 2º ESO A (LC1) Reforzo 2º ESO A Lingua Castelá e Literatura 4º ESO (B)	Titora 1º ESO B

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. As linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e

achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

Por tanto, o estudo da Lingua e a Literatura supón a posta en marcha de toda unha serie de estratexias cognitivas, de pensamento e aprendizaxe para a realización de distintas tarefas, polo que leva implícito o desenvolvemento de cada unha das competencias clave:

Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas que o individuo interactúa con outros a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de maneira individual ou colectiva. Esta visión da competencia en comunicación lingüística, que ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades, vai asociada a metodoloxías activas de aprendizaxe. Ademais, representa unha vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural que implica un factor de enriquecemento.

O currículo de Lingua Castelá e Literatura, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a linguaxe nas diferentes esferas da actividade social, contribúe dun modo decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada, e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación transfírense e aplícanse á aprendizaxe doutras. Esta aprendizaxe contribúe a acrecentar esta competencia sobre o uso lingüístico en xeral.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A materia de Lingua Castelá e Literatura contribúe á adquisición da competencia matemática ao desenvolver a capacidade de abstracción, a relación lóxica entre conceptos e a súa representación gráfica mediante mapas conceptuais, diagramas de fluxo, mapas mentais, esquemas, etcétera.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el dende accións orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, xa que inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social. A aportación da materia de Lingua Castelá e Literatura prodúcese a través do coñecemento e o dominio da linguaxe científica, e da relación dos avances científicos e tecnolóxicos co contexto no que se producen.

Competencia dixital

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das TIC para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun entorno dixital.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto conleva o coñecemento das principais aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información, e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

A contribución da materia de Lingua Castelá e Literatura ao tratamento da información e competencia dixital é decisiva, pois unha das súas metas cífrase en proporcionar coñecementos e destrezas para a búsqueda e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios. A búsqueda e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet, e a realización guiada destas búsquedas constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital.

Ademais, o currículo de Lingua Castelá e Literatura inclúe o uso de soportes electrónicos na composición e publicación de textos, de modo que poidan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, publicación...) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia.

Igualmente, queda dentro do ámbito da materia o estudo dos elementos formais e das normas de uso dos novos xéneros discursivos vinculados ás redes sociais e a Internet, así como o fomento da prevención dos riscos que existen para os usuarios destes novos sistemas de comunicación.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente en distintos contextos formais, non formais e informais. Caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe, que esixe a capacidade para motivarse por aprender para desencadear o proceso, e require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

Ademais de instrumento de comunicación, a linguaxe é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónanse directamente coa competencia básica de aprender a aprender.

Asemade, os contidos de reflexión sobre a Lingua recollen un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe gramatical) e procedimentais (capacidade para analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados mediante o uso consciente de certos mecanismos gramaticais, substituír elementos do enunciado por outros gramaticalmente equivalentes, usar diferentes esquemas sintácticos para expresar unha mesma idea, diagnosticar erros e reparalos, etc.), que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para aprender a aprender lingua.

Competencias sociais e cívicas

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Esixe entender o modo no que pode procurarse un estado de saúde física e mental óptimo tanto para as persoas como para as súas familias e o seu entorno social próximo, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuir a iso.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. Isto inclúe o coñecemento dos acontecementos contemporáneos, así como dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial, así como a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado.

A aprendizaxe da lingua contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. En efecto, aprender Lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades.

A educación lingüística ten un compoñente estreitamente vinculado coa competencia social e cidadá: a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística, e a valoración de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de representación e comunicación. Tamén se contribúe na medida na que se analiza como a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, para contribuir á erradicación dos usos discriminatorios.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Significa adquirir conciencia da situación na que hai que intervir ou que hai que resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, coa fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade e a nosa interrelación cos demais, polo que se poñen en funcionamento habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, e negociar e traballar de forma cooperativa e flexible. Por iso, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con autonomía.

Competencia en conciencia e expresión cultural

Implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, e unha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal, e consideralas parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio

daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

A lectura, interpretación e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento dunha competencia artística e cultural, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. A súa contribución será máis relevante se se establecen relacións entre as manifestacións literarias e outras manifestacións artísticas.

Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos ou a presenza do literario na prensa) adquira sentido para o alumnado.

3. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

A concreción deste apartado no que se debe recoller a relación de estándares de aprendizaxe avaliados para cada curso en relación cos perfís competenciais reflíctese no apartado 5. Programacións específicas. Polo tanto remito ao mesmo.

4. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO

Neste apartado imos recoller os obxectivos xerais tanto da ESO como do Bacharelato xa que a concreción destes obxectivos para cada un dos cursos, tal como se nos pide, queda reflectida no apartado 5. Programacións específicas.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e

á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

No marco da LOMCE, o bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Ademais, de capacitalo para acceder á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

5. PROGRAMACIÓNS ESPECÍFICAS

5.1 PROGRAMACIÓN LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO

Para impartir a materia de Lingua Castelá e Literatura é necesario, ante todo, contextualizala dentro do Centro partindo do alumnado e dos recursos cos que se conta.

Un estudo atento dos resultados destas ferramentas proporcionaranos ás profesoras información esencial sobre o grupo de alumnos e permitirá seleccionar os alumnos que se poderán incorporar ao reforzo educativo e a metodoloxía a empregar no grupo de referencia con distintos ritmos de aprendizaxe, buscando actividades adecuadas. Non debemos esquecer das adaptacións curriculares que se veñen facendo en colaboración co Departamento de Orientación (tratado no apartado de Atención á diversidade).

É conveniente resaltar e deixarlles claro que o máis importante é o progreso individual que consigan dende o inicio de curso ata o final de cada avaliación e superar con esforzo e traballo estas primeiras limitacións.

A finalidade neste curso de 2º ESO é levar a cabo un tratamento motivador e de afianzamento de conceptos básicos (xa iniciados no 1º curso da ESO) así como fomentar a lectura como fonte de pracer.

En canto á posta en práctica desta programación, haberá que ter en conta que o Centro seguirá contando neste curso con soporte dixital individual (PROXECTO E-DIXGAL) nas aulas de 2º ESO que facilitarán o labor docente. As profesoras do Departamento intentaremos adaptarnos para que o alumnado continúe afianzándose no traballo dixital dunha maneira cada vez máis autónoma e así, nos cursos superiores non acostuma ter ningún problema.

De igual modo vimos detectando nos alumnos en xeral, pero os deste primeiro ciclo de ESO en particular, graves problemas coa ortografía, polo que se decidiu incidir neste apartado en todas as unidades didácticas con máis actividades de reforzo. Do mesmo xeito, incluiremos en todas as probas escritas cuestións referidas á ortografía, acentuación e puntuación para que os alumnos se dean conta da súa importancia e intenten mellorar estas deficiencias (puntuación e outras consideracións no apartado de Avaliación).

Consideramos fundamental a actividade lectora, xa que a través dela alcánzase a case totalidade dos obxectivos da nosa área. Levarase a cabo de diversas maneiras: con lectura de pequenos e variados fragmentos incluídos en todas as unidades, textos xornalísticos, lecturas seleccionadas polas profesoras e tamén a través das lecturas obrigatorias e opcionais que terán en cada avaliación e que serán tidas en conta (as primeiras) para aprobar a materia en cada trimestre.

Ademais, dada a situación xerada pola COVID-19, con carácter excepcional tamén neste curso, igual que sucedera no anterior, o horario establecido como de libre configuración do centro destinarase ao REFORZO EDUCATIVO en Lingua Castelá como medida educativa, tal e como se recolle nas Instrucións do 30 de xuño 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Así unha das profesoras terá unha hora semanal de reforzo con cada un dos dous grupos de 2º ESO e así poderá afondar nos estándares de aprendizaxe relativos á lectura, comprensión lectora cun grao crecente de interese, reflexión e autonomía, identificación da información relevante, resumos e escritura de textos propios con coherencia, cohesión, adecuación e respecto das normas gramaticais e ortográficas.

O alumnado matriculado en 2º ESO é moi numeroso e para facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe decidiuse facer, para este curso tres agrupamentos, nas linguas cooficiais e en matemáticas, para poder así atendelos de forma máis individualizada; sen esquecermos daqueles que poidan ter adaptacións curriculares que se veñen facendo en colaboración co Departamento de Orientación (tratado no apartado de Atención á diversidade). Ademais, o noso Departamento tamén conta este curso académico con dúas horas de reforzo semanais no grupo A que irá destinado para aquel alumnado que así o precise.

VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS E ELEMENTOS TRANSVERSAIS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORALIZACIÓN

IES "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
A H I Ñ O	Linguaxe, lingua, fala e dialecto. España plurilingüe. A orixe das linguas en España. O castelán e os dialectos meridionais. PV	B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.	LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.	Recoñecer a diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. Distinguir entre os conceptos de: linguaxe, lingua, fala e dialecto.	CSC
B H	O nome e o pronome. Clasificación do substantivo segundo o seu significado. Clases de pronomes. Os determinantes. O adxectivo. A substantivación do adxectivo. CL EOE	B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. LCLB3.1.2. Recoñece e corrixen erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	Recoñecer, usar e explicar as categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante e pronome. Coñecer, usar e valorar as normas ortográficas e gramaticais, recoñecer o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.	CCL CCL
C H L N	Literatura: o xénero narrativo. Elementos da narración. Subxéneros narrativos. CL EOE	B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura. B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas. B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses. LCLB4.2.1. Desenvolve de maneira progresiva a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.). LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade. LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.	Ler de maneira libre obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura. Identificar os elementos propios da narración. Diferenciar os distintos subxéneros narrativos e as súas características.	CCL CCEC CAA CCL CSC

IES "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		<p>valorar textos en diferentes formatos e soportes.</p> <p>B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.</p>	<p>secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.</p> <p>LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.</p> <p>LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.</p> <p>LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos e descritivos.</p>	<p>narrativos e descritivos.</p> <p>Producir textos escritos relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.</p> <p>Producir textos escritos narrativos e descritivos.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CCL</p> <p>CCEC</p>
B H	<p>Propiedades textuais: adecuación, coherencia, cohesión. A cohesión léxica do texto: sinonimia, campo semántico, asociativo, morfolóxico, antonimia e hiperonimia.</p> <p>CL EOE</p>	<p>B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.</p> <p>B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.</p> <p>B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.</p>	<p>LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.</p> <p>LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.</p> <p>LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.</p>	<p>Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.</p> <p>Comprender e interpretar os compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.</p> <p>Coñecer de maneira reflexiva as relacións semánticas que se establecen entre as palabras.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>
G H	<p>Ortografía: escritura de grafías e palabras de escritura dudosas. A acentuación.</p> <p>EOE</p>	<p>B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.</p>	<p>LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais, etc.) e redacta borradores de escritura.</p> <p>LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as</p>	<p>Coñecer e usar as técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto.</p>	<p>CSIE</p> <p>CCL</p>

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.		

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
2º AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
B H	<p>O verbo: conxugación. Verbos regulares e irregulares.</p> <p>As palabras invariables: adverbio, conxunción, preposición e interxección.</p> <p>CL EOE CA EMP</p>	<p>B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.</p>	<p>LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</p> <p>LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</p> <p>LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.</p>	<p>Recoñecer, usar e explicar as categorías gramaticais: verbo, adverbio, conxunción, preposición e interxección.</p> <p>Coñecer, usar e valorar as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.</p> <p>Diferenciar entre verbos regulares e irregulares (tipos de irregularidades verbais).</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p>
C H L N	<p>O teatro. O texto teatral e os seus subxéneros.</p> <p>CL EOE</p>	<p>B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.</p> <p>B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.</p> <p>B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar</p>	<p>LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.</p> <p>LCLB4.2.1. Desenvolve de maneira progresiva a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).</p> <p>LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.</p> <p>LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.</p> <p>LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en</p>	<p>Ler de maneira libre obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>Diferenciar o texto dramático do resto de xéneros literarios.</p> <p>Identificar as características do texto dramático.</p> <p>Distinguir os distintos tipos de subxéneros dramáticos e as súas características.</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL</p>

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios. B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal. LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	Redactar textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.	CCL CCEC CAA
A D G H M	O texto dialogado. Estilo directo e indirecto. CL EC EOE EMP	B1.1. escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social. B1.2. escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. B1.3. escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante. LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada. LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral. LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social. Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación coa súa finalidade: textos dialogados. Escoitar de maneira activa e cumprir as normas que favorecen a comunicación.	CCL CCL CCL CCL CCL CSC

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.	LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	Coñecer e usar de maneira autónoma as estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais e os seus aspectos verbais e non verbais.	CSIE CD CAA
		B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais. LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos. LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais. LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	Coñecer, usar e aplicar as estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	CCL CSC CCL CCL
		B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.	LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios. LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e	Participar en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais. Crear textos orais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CSC CCL CSC

IES "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
B E H I L M	Os textos expositivos: tipos e estrutura. CL EMP EOE	B1.2. escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación coa súa finalidade: textos expositivos.	CCL
		B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto. LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias do nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico. LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon en relación co contexto. LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas. LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	Coñecer e usar as técnicas e estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.	CCL CCL CCEC CCL CMCCT
		B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.	LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas...	Ler, comprender e interpretar textos expositivos.	CMCCT
		B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB2.5.2. Escribe textos expositivos imitando textos modelo. LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o	Producir textos escritos expositivos.	CCEC CMCCT CD

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
2º AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.		
H	Fenómenos semánticos: monosemia, polisemia, homonimia e paronimia. EMP	B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.	LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.	Coñecer de maneira reflexiva as relacións semánticas que se establecen entre as palabras.	CCL
G H	Ortografía: a puntuación. EMP EOE	B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais, etc.) e redacta borradores de escritura. LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Coñecer e usar as técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto.	CSIE CCL

IES "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
B E H I L N	Textos instrutivos e normativos e a súa linguaxe. CL EOE TIC	B1.2. escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral. LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas... LCLB2.5.2. Escribe textos instrutivos.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación coa súa finalidade: textos instrutivos. Ler, comprender e interpretar textos instrutivos. Producir textos escritos instrutivos.	CCL CMCCT CCEC
A G H	Enunciado, oración e sintagma. A estrutura da oración: suxeito, predicado e complementos. Clasificación da oración segundo a súa modalidade e a súa estrutura do predicado. EMP CL EOE	B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe. B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais. LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Identificar e utilizar progresivamente os coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. Distinguir dentro do predicado os distintos complementos. Recoñecer, usar e explicar os recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Clasificar as oracións segundo a súa estrutura.	CCL CAA
G H	Morfoloxía: estrutura da palabra e procedementos de formación. EMP CL EOE	B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	Identificar e utilizar progresivamente os coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. Identificar a morfoloxía das palabras e os seus procedementos de formación.	CAA
C H L	Os textos líricos. Subxéneros da lírica. Lírica tradicional e culta. CL	B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus	Ler de maneira libre obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de	CCL

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
N	EOE	<p>ás afeccións, amosando interese pola lectura.</p> <p>B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.</p> <p>B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</p> <p>B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p>	<p>intereses.</p> <p>LCLB4.2.1. Desenvolve de maneira progresiva a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).</p> <p>LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.</p> <p>LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.</p> <p>LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.</p> <p>LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.</p> <p>LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</p>	<p>coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>Identificar a métrica e a rima dun poema.</p> <p>Distinguir os principais tipos de estrofa e composicións poéticas.</p> <p>Redactar textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.</p>	<p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CCL CSC</p> <p>CCL</p> <p>CCL CCEC</p> <p>CAA</p>
H N	<p>Cambios de significado: metáfora, metonimia, tabú e eufemismo.</p> <p>EOE EMP</p>	<p>B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan á palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.</p>	<p>LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.</p> <p>LCLB3.4.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan ao significado global das palabras: tabú e</p>	<p>Observar, reflexionar e explicar os cambios que afectan ao significado das palabras: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.</p>	<p>CCEC</p> <p>CCEC</p>

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			eufemismo.		
B E H I L	Semana do libro TIC CA EMP	B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais...) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos...	Utilizar autonomamente de maneira progresiva a biblioteca escolar e as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información.	CD CD

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Empregaremos os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

Para realizar a difícil tarefa de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe haberá que determinar os procedementos e instrumentos de avaliación. Ante esta necesidade o Departamento de Lingua Castelá e Literatura decidiu establecer de forma xeral e aplicables a cada unidade didáctica segundo conveña e consideremos oportuno os seguintes:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
Interese polo traballo	Seguimento do alumno Observación directa Rexistro de tarefas realizadas Revisión do caderno do alumnado
Participación activa	Ler os libros obrigatorios Facer comentarios ou razoamentos Presentar traballos ou tarefas en grupo ou individualmente
Probas escritas	Fichas de actividades Ditados Probas prácticas Probas teóricas Redaccións Resumos Esquemas
Probas orais	Exames orais Presentacións orais Lectura en voz alta Facer resumos de contidos teóricos ou prácticos Recitación Dramatización

Cada profesora fará o uso que considere oportuno destes instrumentos e procedementos e poderá incluso incluír outros apartados atendendo ás características do curso que imparta. Faranse extensibles e poderanse aplicar en todos os cursos da ESO.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Atenderemos aos seguintes criterios de cualificación:

- **Exames: 70% da nota de avaliación**

A cualificación deste apartado será a media ponderada das notas obtidas nas probas que se realizarán por avaliación. Sobre elas, terase en conta a ortografía (0.1 menos por cada erro tanto de ortografía, expresión como de puntuación ata un máximo de 1 punto). Farase media das probas sempre e cando o alumno alcance como **mínimo un 3 e superara o control da lectura obrigatoria** para cada unha das avaliacións.

É importante sinalar que nos exames escritos cada pregunta terá ao lado a súa correspondente puntuación. Estes poderán ser revisados polos alumnos e a profesora puntualizar as observacións e correccións que fixese, ben na aula ou en tempo e lugar establecido.

Se durante a celebración de calquera das probas de avaliación vemos que o alumno manipula *chuletas*, apuntamentos, o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico coa intención de copiar, será obxecto de **medida disciplinaria**. Isto suporía a retirada inmediata e invalidación de dito exame, sendo a súa cualificación de 0 puntos.

- **Control de lectura: 10% da nota de avaliación**

Haberá unha lectura obrigatoria en cada avaliación. Aínda están sen sinalar porque acostumamos introducir algunha variación d'un curso para outro. No seu momento faranse constar no Libro de actas do Departamento e na Memoria final de curso.

Será necesario superar este exame para que se valore a avaliación correspondente como aprobada. Poderá ser avaliada de forma monográfica ou incluída nalgunha das probas de avaliación. A súa realización será de maneira escrita, oral ou a través dun traballo con preguntas guiadas segundo a decisión da profesora.

- **Observación e realización de tarefas propostas: 10% da nota de avaliación**

Prestarase especial atención á participación, traballo dentro e fóra da aula, interese, esforzo, material necesario, actitude, colaboración en traballos grupais, exposicións orais (lingua oral), presentación en tempo e forma dos traballos obrigatorios...

Poderase levar a cabo un seguimento diario e ao finalizar cada un dos trimestres do caderno do alumno, con observacións e

anotacións por parte da profesora atendendo á presentación, realización de actividades e procura de información, organización... Este combinarase coa revisión e cualificación das tarefas que se propoñan para a súa entrega a través dos medios telemáticos ou polas canles habituais.

En xeral, estes elementos de avaliación poderán ser valorados convenientemente pola profesora con positivos (traballo feito) e negativos (traballo non realizado). A diferenza entre o número de positivos e negativos será a que determine a nota neste apartado xunto coas cualificacións obtidas naquelas tarefas que sexan puntuadas numericamente.

- **Traballo realizado na hora semanal de Reforzo educativo: 10 % da nota de avaliación**

Debido á situación xerada pola COVID-19, neste curso 2022/2023 seguirá habendo unha hora semanal de reforzo. A avaliación do Afondamento educativo irá incluída dentro deste apartado, xa que tal e como está disposto no punto 4 do artigo 13 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, a avaliación do Reforzo educativo estará integrada na materia obxecto do afondamento.

- **Lecturas opcionais** poderán obter ata un **0.5 a maiores** sobre a nota da avaliación correspondente.

Ademais de todo o anterior, para acadar o aprobado na materia de Lingua Castelá e Literatura de 2.º ESO o alumnado debe cumprir os seguintes requisitos:

- Obter unha puntuación final que sexa igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes.
- Presentarse a todos os exames na data indicada previamente. En caso de causa de forza maior debe presentar o xustificante pertinente para ter dereito a repetir a proba noutra data.

Durante o curso, no caso dalgunha **avaliación suspensa**, a profesora facilitará a recuperación mediante probas que se realizarán no seguinte trimestre (ao comezo do segundo e terceiro) e, unha vez realizado o terceiro, para facilitar a consecución dos obxectivos do curso. Así mesmo, aquel alumnado aprobado, pero que non estea satisfeito cos resultados dalgunha das avaliacións, tamén poderá presentarse a esas probas na procura da mellora destes. Neste último caso, terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta. A **nota desas probas estará sometida á porcentaxe** correspondente dentro dese **70%**.

O noso alumnado, ao longo do curso, obterá na nosa materia unha nota na **primeira avaliación**, outra na **segunda** e unha **nota na terceira** que se celebrará a comezos do mes de xuño, ademais dunha **avaliación ordinaria** a finais deste mesmo mes. No período de tempo que abrangue desde a celebración da terceira avaliación ata a ordinaria, os membros do Departamento tomamos a decisión de levar a cabo un labor de titorización e traballo con diferente tipo de actividades dependendo da realidade do noso alumnado: repaso, apoio, reforzo, ampliación ou recuperación daqueles contidos mínimos non superados ao longo do curso coa finalidade de que o alumnado implicado poida acadar os estándares de aprendizaxe previstos. Os escenarios cos que nos podemos atopar son os seguintes:

- **ALUMNADO QUE TEN SUSPENSA ALGUNHA AVALIACIÓN OU QUERE OPTAR A MELLORAR A SÚA NOTA EN CALQUERA DELAS**

Coa realización destas actividades prepararase para poder presentarse a unha **proba escrita** na que demostrará que acadou os estándares desa avaliación en concreto. A nota desa proba estará sometida á porcentaxe correspondente dentro dese **70%**. No caso de telas aprobadas pero que desexe optar á mellora dos resultados, tamén se poderá presentar a unha **proba escrita** (terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta) supeditada a esa mesma porcentaxe. A nota desa avaliación ordinaria será o resultado de facer a **media** das cualificacións aritméticas reais sen aproximar obtidas nas **tres avaliacións**. Considerarase superada a materia do presente curso escolar cando se obteña unha cualificación **final igual ou superior a 5** puntos. Esa nota final será resultado dunha aproximación, **a partir de 0.5 décimas**, ao punto seguinte.

- **ALUMNADO CON AVALIACIÓN POSITIVA NAS TRES CONVOCATORIAS**

Coa realización destas actividades, que presentará en prazo e forma, poderá optar **ata unha puntuación de 0.5** sobre a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo da nota **media**, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais sen aproximar obtidas nas **tres avaliacións**. Considerarase superada a materia do presente curso escolar cando se obteña unha cualificación **final igual ou superior a 5** puntos. Esa nota final será resultado dunha aproximación, **a partir de 0.5 décimas**, ao punto seguinte.

- **ALUMNADO QUE TEN SUSPENSAS AS TRES AVALIACIÓNS**

Coa realización destas actividades prepararase para poder presentarse a unha **proba escrita de contidos mínimos de toda a materia** coa que demostrará que acadou os obxectivos e competencias do curso de referencia. A cualificación da materia coincidirá coa nota dese exame. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación **final igual ou superior a 5** puntos. Esa nota final será resultado dunha aproximación, **a partir de 0.5 décimas**, ao punto seguinte.

METODOLOXÍA. ESTRATEXIAS E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A metodoloxía utilizada será esencialmente activa para todos os bloques de contido. Partimos, entón, da aprendizaxe significativa e funcional, combinando sempre as distintas formas de construción do coñecemento a partir dos recursos de que se dispoña, sen esquecer a presenza activa do alumnado e o seu traballo participativo no proceso, tanto de forma individual como en grupo. Así, o alumno deberá revisar e reelaborar os coñecementos previos coa axuda da profesora, incrementándoos por medio da asociación entre aqueles e os novos. Á vez relacionará estes conceptos novos coa experiencia persoal e contrastaralos cos dos seus compañeiros, polo que resulta fundamental o traballo en equipo.

Os principios básicos que, na medida do posible, se intentarán manter son os seguintes:

- Partir das ideas previas. O alumno deberá revisar e reelaborar os coñecementos previos coa axuda da profesora, incrementándoos por medio da asociación entre aqueles e os novos.
- Modelo de aprendizaxe significativa e construtivista. Favorécese así unha aprendizaxe autónoma tendo como referentes un método dedutivo, analítico e participativo.
- Integrar de maneira adecuada o tratamento teórico e conceptual. É esencial que a actividade de clase se oriente de maneira que se poida motivar a reflexión do alumno sobre o uso propio e os usos alleos da lingua, como instrumento necesario para conseguir unha mellora efectiva nas súas capacidades de comprensión e expresión.
- Metodoloxía motivadora. Trátase de formular situacións que conecten dalgunha maneira cos intereses e expectativas do alumnado. A aportación desta programación nese sentido motivador vén favorecida polo uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) a través do Proxecto E-DIXGAL como medio de coñecemento, apoio e ampliación. Doutro lado, procederase a potenciar a utilización da biblioteca, na medida do posible, para favorecer os hábitos de lectura e a búsqueda de información complementaria e ampliación de coñecementos.
- O mecanismo metodolóxico fundamental será o traballo con textos moi diversos (xornalísticos, literarios, expositivos, de opinión, electrónicos, etc.) para a súa lectura comprensiva, observación e anotación, análise e comentario. En relación con este aspecto, traballarase a lectura tanto na aula como na casa. Será obrigatoria unha lectura literaria por trimestre, pero formularanse tamén obras alternativas coa fin de despertar interese pola actividade lectora a través de publicacións que se acerquen aos gustos do alumnado.
- Será labor prioritario da profesora axudar ao alumno a inducir e sistematizar de maneira adecuada os contidos programados. Utilizaranse esquemas e árbores conceptuais para asentar os contidos fundamentais de cada tema. O uso destas ferramentas contribuirá deste xeito á competencia clave de "aprender a aprender". Ademais, procurarase consolidar os coñecementos e capacidades adquiridas mediante actividades variadas e prácticas específicas.
- Enfoque multidisciplinar. Levarase a cabo un traballo de colaboración con distintos departamentos á fin de que o alumnado integre os coñecementos relacionados en distintas áreas. Neste sentido preténdese que os alumnos e alumnas asuman a funcionalidade e sexan capaces de ver a relación dun concepto en varias disciplinas.

Existen diferentes modelos metodolóxicos. Na nosa Programación non hai identificación específica por un único modelo, será a realidade da aula a que determine en cada momento e incluso en cada unidade o método a seguir.

Os materiais e recursos didácticos que empregaremos serán os seguintes:

- Como para este curso o noso Centro continúa no Proxecto E-DIXGAL, contaremos con varios libros dixitais aos que poderemos botar man para elaborar as distintas unidades didácticas.
- O libro de texto da editorial Casals (Alfredo Reina (coordinador), Emilia Navarro e Alicia Torres –abril de 2016-) seguirá constituíndo unha guía para as profesoras.
- Dicionarios de distintos tipos.
- Gravacións de textos para actividades de comprensión oral.
- Libros para a lectura obrigatoria (un por cada avaliación). Serán seleccionadas ao comezo de cada trimestre e constarán no Libro de actas e na Memoria de final de curso. Ademais, propoñeráselle aos alumnos e alumnas unha lista de obras seleccionadas para elixir e fomentar así a lectura como fonte de pracer.
- Ordenador/es na aula (Proxecto E-DIXGAL). Taboleiro dixital. Aula Virtual IES Martaguisela. Correos electrónicos.
- Internet.
- Películas.
- Textos diversos, especialmente, xornalísticos, literarios e da vidacotía. Relatos breves para a súa lectura na aula.
- Recursos fotocopiáveis.
- Libro dixital da editorial Casals.

- Webs e blogs de Lingua Castelá e Literatura para 2º ESO, a páxina web da RAE ou xomais na súa edición dixital.
- Material deseñado polas profesoras adaptado ás características do alumnado.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Polo que respecta ao seguimento e recuperación da materia pendente, intentaremos motivar aos alumnos que non acadaran os obxectivos da materia no curso anterior con exercicios de recuperación. Facilitaráselle direccións dixitais nas que poida repasar os contidos e realizar actividades autocorrectivas dos diferentes bloques coa fin de conseguir os contidos mínimos esixibles.

No caso daqueles alumnos que teñan a materia pendente, ao carecer dunha hora asignada para ese cometido, o seu seguimento correrá a cargo da profesora que lle imparta clase no presente curso. Esta, ademais de valorar o seu progreso, pódelle facilitar actividades encamiñadas á revisión e adquisición dos contidos mínimos da materia pendente para garantir a continuidade do seu proceso de ensinanza e aprendizaxe.

No caso de que o alumno/a coa materia pendente de 1º ESO aprrobe as dúas primeiras avaliacións de 2º ESO obterá o aprobado na materia pendente. Se non se dá o caso anterior, o alumno terá que realizar un exame oficial extraordinario de contidos mínimos, que será fixado pola Xefa de Departamento de Lingua Castelá e Literatura e que terá lugar no mes de maio. Serán debidamente informados da data e o lugar de realización do mesmo con antelación. No caso de non superalo, presentárase a concacatoria ordinaria de finais de xuño, na que se avaliará dos contidos mínimos da materia pendente.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Realizarase na primeira semana do curso escolar e daranos información sobre os coñecementos previos que posúe os alumnos e alumnas da materia, permitiéndonos adecuar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ás súas posibilidades.

Ademais, a avaliación dos coñecementos previos pódese realizar ao comezo de cada unidade, pedindo ao alumnado que adiviñe de que trata cada unha, a partir do título, as imaxes, a lectura inicial...

Antes de iniciar o proceso de avaliación deben terse en conta aspectos tan esenciais como:

- Posibilitar que demostre o que sabe
- Que non viva a experiencia como un exame ou unha proba a superar
- Considerar a avaliación de forma flexible

Un modelo posible de avaliación inicial contería estas preguntas:

- Un texto sobre o que se realizarán preguntas de comprensión (comprensión lectora).
- Un bloque de gramática e ortografía para comprobar o grao de adquisición de contidos básicos do curso anterior (clases de palabras, acentuación e puntuación dun texto, análise sintáctica básica da oración simple).
- Expresión escrita (resumo, redacción dun texto cunha temática guiada ou descrición dunha paisaxe, persoa...).

Ademais da realización dunha proba, contamos cos informes de avaliación do curso anterior, tendo completa dispoñibilidade para poder consultalos. Os datos recadados na nosa materia completáranse coa observación das profesoras na aula, coa información que nos achegue o titor ou titora, o resto do equipo docente e os membros do equipo de orientación no momento da celebración da sesión de avaliación inicial. Non obstante, como por cuestións organizativas a Programación ten que ser entregada antes do día 20 de setembro non poderemos deixar constancia nela da análise e valoración dos resultados, porque aínda non se levaron a cabo estas accións e polo tanto non contamos con datos concluíntes.

Unha vez realizada a avaliación inicial e vistos os resultados, de ser preciso as profesoras poderán adoptar:

- Medidas de apoio e recuperación para aqueles alumnos que se detectou que o poidan necesitar.
- Medidas encamiñadas a modificar, perfilar e enriquecer o proceso educativo definindo, grazas á información obtida nesta avaliación, cuestións relativas ao desenvolvemento do currículo (estratexias de ensinanza-aprendizaxe, metodoloxía na aula, temporalización das unidades didácticas, selección de materiais e recursos, implicación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe...).
- Medidas extraordinarias para aqueles alumnos que precisen de adaptacións curriculares significativas ou reforzo educativo (apartado seguinte).

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos piares básicos do sistema educativo é a consideración de que os alumnos teñen diversas capacidades, unha diversa formación, uns intereses diversos, unha diversa motivación e unhas necesidades diversas: loxicamente, precísase, por tanto unha atención á diversidade. A atención á diversidade debe constituír un pilar esencial da aula. O alumnado de 2º curso da ESO conta coa oportunidade de acudir á aula de apoio para traballar en pequeno grupo con profesorado especialista en pedagogía terapéutica en dúas horas semanais ou incluso algún a maiores durante a hora de aprofundamento. Será labor das profesoras supervisar o proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a, detectando as carencias e poder seleccionar a aqueles que poden acudir a este grupo para paliarlas. Para iso:

- Realizarase unha avaliación inicial coa fin de detectar posibles déficits nos contidos básicos da materia.
- Acudirase ao Departamento de Orientación para pedir asesoramento e para levar a cabo as medidas oportunas. A coordinación con este departamento debe ser constante tanto para coñecer o punto desde o que partimos, como para trazar itinerarios no caso de alumnado que precise unha atención especial.
- Manterase un contacto constante co titor/a e coa familia de ser o caso.
- Deseñaranse situacións de ensinanza-aprendizaxe nas que teñan cabida diferentes ritmos na adquisición de contidos.
- Potenciarase a autonomía do alumnado, así como o traballo en grupo para buscar a colaboración entre o alumnado.
- Entregarase material de reforzo a aquel alumnado que o necesite e o profesor encargárase de supervisalo e corrixilo.
- Utilizaranse materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e insistirase na dimensión práctica da materia coa fin de despertar o interese do alumnado cara ela.
- Programaranse actividades motivadoras que respondan aos intereses do alumnado e á conexión co seu entorno social e cultural.
- No caso de que sexa necesario e sempre en coordinación co Equipo de Orientación, levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas ou non significativas.

En definitiva, respectaremos as diferenzas individuais e a partir delas buscaremos modelos que fagan posible o proceso comunicativo, clave e esencial no noso proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Unha última medida de atención á diversidade xurde como consecuencia da situación xerada pola COVID-19, con carácter excepcional, novamente neste curso 2022/2023, xa que o horario establecido como de libre configuración do centro destinarase ao AFUNDAMENTO/REFORZO EDUCATIVO en Lingua Castelá como medida educativa, tal e como se recolle nas Instrucións do 30 de xuño 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

A profesora que o impartirá encargárase de aprofundar nos estándares de aprendizaxe relativos á lectura, comprensión lectora cun grao crecente de interese, reflexión e autonomía, identificación da información relevante, resumos e escritura de textos propios con coherencia, cohesión, adecuación e respecto das normas gramaticais e ortográficas.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NESTE CURSO

A materia de Lingua Castelá e Literatura pode considerarse en si mesma unha materia transversal, posto que a expresión oral e escrita, así como a lectura e comprensión de textos moi diversos, representan actividades fundamentais en moitos ámbitos da nosa vida.

Seguindo o DECRETO 86/2015 (DOG de 29 de xuño de 2015), podemos establecer que os elementos transversais que se traballan na aula de 2º ESO na materia de Lingua Castelá e Literatura son:

- A comprensión lectora (CL) e a expresión oral e escrita (EOE). Trátase dun elemento transversal que está presente en todos e cada un dos bloques de contido e que se converterá nunha ferramenta clave para apoiar ao alumnado no seu proceso de maduración académica e persoal.
- A comunicación audiovisual (CA) e o uso das TIC. O manexo de dicionarios electrónicos así como doutros recursos web, prensa electrónica, etc. será importante para progresar no coñecemento. Ademais, traballarase o manexo de procesadores de texto na elaboración de traballos académicos, na redacción de cartas e doutros tipos de texto.
- Educación cívica e constitucional (EC); prevención e resolución pacífica de conflitos; pluralismo político, paz e democracia: o traballo da expresión oral ten no debate un terreo magnífico no que se potenciarán a tolerancia, o respecto cara aos demais e a escoita comprensiva e construtiva para sentar as bases do entendemento cívico.
- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero e de todo tipo de violencia (PV). Sempre que sexa posible traerase á aula prensa para traballar desde un punto de vista crítico e construtivo non só contidos lingüísticos, senón tamén sociais. Despertarase o espírito crítico do alumnado e, de maneira especial, acercáronos a textos que fagan visible o enorme problema da violencia de xénero.
- Igualdade de oportunidades e prevención de todo tipo de violencia (PV): levaranse á aula textos nos que se trate o tema

da discapacidade para promover a reflexión acerca da necesidade de crear unha sociedade igualitaria. Reflexionarase tamén a partir de textos ou de documentos audiovisuais sobre a violencia e construíranse debates arredor desta cuestión.

- Creatividade, autonomía, traballo en equipo, sentido crítico (EMP): traballaremos a creatividade, non só coa creación de textos literarios, senón tamén no día a día da aula, fomentando a participación activa. O traballo en equipo será importante para a realización de traballos de investigación que, ao mesmo tempo, desenvolverán a autonomía do alumnado.

Todo isto dende un punto de vista xeral, pero a concreción deste apartado no que se debe recoller a *concreción dos elementos transversais neste curso* reflíctese no apartado 5.1 Programación específica (cadro). Polo tanto remito ao mesmo.

5.2 PROGRAMACIÓN LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO

4º ESO constitúe un curso que supón un punto de inflexión para os alumnos: o final non só dun ciclo senón tamén dunha etapa educativa. Nese momento o alumnado terá que decidir entre diferentes opcións educativas (Bacharelato ou Ciclos formativos) ou incluso, por orientar o seu futuro por outros camiños (laborais).

Polo que respecta á materia de Lingua Castelá e Literatura, neste estadio potenciarase a autonomía do alumnado, o traballo creativo e de investigación, e afianzaranse conceptos e ferramentas fundamentais para coñecer a nosa lingua e utilizala con propiedade e corrección.

Polo anterior, serán pedra de toque non só a análise gramatical, senón tamén a expresión oral, a capacidade de crítica e de investigación, a escritura creativa e a lectura significativa.

Os procedementos mecánicos propios de cursos anteriores deixarán paso a unha metodoloxía que persegue a implicación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe e que fará do traballo coa lingua unha ponte para converter aos nosos estudantes en persoas responsables, tolerantes e capaces de enfrontarse á realidade social que lles tocou vivir.

Nesta liña, non se debe esquecer que moitos —por non dicir case todos— dos contidos desta etapa educativa, materia e curso son instrumentais, é dicir, transcenden do propio marco de coñecemento no que se inscriben e proxéctanse cara á aspectos propedéuticos, non terminais, como son o interese por seguir aprendendo (no sistema escolar ou fóra del) e por coñecer a complexa realidade social, en suma, para favorecer a madureza do alumno e servirle na súa integración e promoción social.

Neste sentido, comprobamos enseguida que a materia de Lingua Castelá e Literatura conecta con múltiples competencias clave e cunha variedade importante de elementos transversais. En relación coas competencias clave veremos que o labor lingüístico, á parte da competencia en comunicación lingüística que se supón por descontado, axúdanos a adoptar novos mecanismos de aprendizaxe (*aprender a aprender*), condúcenos pola senda do goce artístico (*conciencia e expresións culturais*), potencia a tolerancia coas ideas que nos son diferentes, así como o traballo en equipo (*competencia social e cívica*), fomenta o uso das TIC (*competencia dixital*) e proporciónanos ferramentas para defendernos no mundo laboral (*sentido de iniciativa e espírito emprendedor*).

VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS E ELEMENTOS TRANSVERSAIS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORALIZACIÓN

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
B C E G H L M	A descrición: tipos. A narración: elementos da narración. CL EOE EMP	B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral.	CCL
		B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante. LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas. LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular. LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos e descritivos. Diferenciar a idea principal das secundarias. Sintetizar nun resumo as ideas principais dun texto usando un léxico rico e variado.	CCL CAA CAA CCL
		B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto. LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e	Coñecer e usar de maneira progresiva técnicas e estratexias de comprensión escrita. Ler de maneira comprensiva, interpretar e valorar textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral. Ler, comprender, interpretar e valorar textos narrativos e descritivos.	CCL CCL
					CCL

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			<p>secuencia as informacións explícitas dos textos.</p> <p>LCLB2.1.3. Infire a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.</p>		CMCCT
		B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.	LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.	<p>Distinguir a estrutura dos textos narrativos e descritivos.</p> <p>Identificar nun texto as distintas tipoloxías textuais de maneira razoada.</p>	CCL
		B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais, etc.).	Producir textos escritos narrativos e descritivos coherentes e cohesionados.	CCL
		B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.	LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	Producir textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	CCL
			LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.		CCL
			LCLB2.6.3. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos.		CCL
		B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.	<p>Apreciar a composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como instrumento de enriquecemento persoal e</p>	CCEC

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
				profesional.	
A B C D G H	As linguas de España. Variedades da lingua. EOE CA EC TIC EMP CL	B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, ollada, etc.). B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais e valora a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre, volume, etc.) a ollada, a colocación, a linguaxe corporal, a xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas. LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais. LCLB1.6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos. LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais. LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	Coñecer e usar de maneira autónoma as estratexias necesarias para a produción de textos orais. Coñecer, usar e aplicar as estratexias necesarias para falar en público e os instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais.	CCL CAA CD CCL CCL CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.	LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento. LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión. LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	<p>Apreciar a composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como instrumento de enriquecemento persoal e profesional.</p>	CCL CCL CD
		B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento.	LCLB3.10.1 Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social. LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplicaos nos seus discursos orais e escritos.	Coñecer os rexistros e os factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais, e valorar a importancia de utilizar o rexistro adecuado segundo as condicións da situación comunicativa.	CCL CSC
A H	<p>Constituíntes básicos da oración simple: suxeito e predicado. Complementos do predicado. Clasificación da oración simple.</p> <p>EOE CL</p>	<p>B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.</p> <p>B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.</p>	<p>LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.</p> <p>LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.</p>	<p>Observar, reflexionar e explicar os valores expresivos e o uso das categorías gramaticais, con especial atención ao adxectivo, aos tipos de determinantes e pronomes.</p> <p>Distinguir os complementos do predicado e clasificar as oracións.</p> <p>Observar, reflexionar e explicar os valores expresivos e o uso das formas verbais en textos con diferente intención comunicativa.</p>	CCL CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		léxicos. B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto. LCLB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	mediante sinónimos e hiperónimos). Identificar e utilizar de maneira progresiva os coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	CAA
B H	Ortografía: grafías e palabras de escritura dudosa. CL EOE EMP	B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	Coñecer, usar e valorar as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas na escritura para obter unha comunicación eficiente.	CCL
H L N C	A literatura do século XVIII: Neoclasicismo e Prerromanticismo. A literatura do século XIX: Romanticismo, Realismo e Naturalismo. CL EMP EOE	B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil. B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións. LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal. LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura. LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a	Ler de forma libre obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos propios gustos e intereses literarios, e a autonomía de lectura. Identificar os trazos propios da literatura do século XVIII e XIX. Clasificar as obras destes séculos en relación ao autor e xénero. Aproximarse ás obras máis representativas da literatura española desde o século XVIII aos nosos días a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras	CCL CCEC CSIEE CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		<p>contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.</p> <p>B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.</p>	<p>linguaxe literaria.</p> <p>LCLB4.4.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.</p> <p>LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.</p> <p>LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</p>	<p>completas.</p> <p>Redactar textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XIX e XX, utilizando as convencións formais do xénero seleccionado e con intención lúdica e creativa.</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO						
2ª AVALIACIÓN						
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave	
A B C D E G H L M	A exposición: tipos e estrutura. A argumentación: estrutura e tipos de argumentos. CL EOE EC PV CA TIC EMP	B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral.	CCL	
			LCLB1.1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	Diferenciar a idea principal das secundarias.	CCL	
			LCLB1.1.4. Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto.	Sintetizar nun resumo as ideas principais dun texto usando un léxico rico e variado.	CCL	
			LCLB1.1.6. Segue e interpreta instrucións orais.		CCL	
			B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación coa súa finalidade: textos expositivos e argumentativos.	CCL
				LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.		CCL
		LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.		CCL CAA		
		LCLB1.2.5. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demandas, axuda, busca en		CD		

IÆS “Martaguisela” - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.). LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.		CAA
		B1.5. Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.	LCLB1.5.1. Utiliza e valora a lingua como un medio para adquirir, procesar e transmitir novos coñecementos, para expresar ideas e sentimentos, e para regular a conduta.	Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.	CCL
		B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente. LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores, etc.).	Coñecer, usar e aplicar as estratexias necesarias para falar en público e os instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais.	CAA CCL
		B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.	LCLB1.7.1. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral. LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.	Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía da comunicación oral que regulan as conversas espontáneas e outras prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación. Debate.	CCL CSC

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	LCLB1.8.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	Crear textos orais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CCEC
		B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.	LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha competencia plena e detallada deste. LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el. LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.	Ler, comprender, interpretar e valorar textos expositivos e argumentativos.	CCL CAA CCL
		B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.	LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.	Ler de maneira comprensiva, interpretar e valorar textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral. Ler, comprender, interpretar e valorar textos expositivos e argumentativos.	CCL
		B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.	LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	Adoitar unha actitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura.	CCL CAA CCL

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	<p>LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.</p> <p>LCLB2.5.2. Redacta borradores de escritura.</p> <p>LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p> <p>LCLB2.5.4. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación).</p> <p>LCLB2.5.5. Avalia, utilizando guías, a súa propia produción escrita e a dos/das seus/súas compañeiros/as.</p> <p>LCLB2.5.6. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita.</p>	<p>Cofiecer e usar as técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión.</p> <p>Producir textos escritos expositivos e argumentativos.</p>	<p>CSC</p> <p>CCL CAA</p> <p>CCL</p> <p>CCL CAA</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p>
		B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.	<p>LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.</p> <p>LCLB2.6.3. Utiliza variados organizadores textuais nos seus escritos.</p> <p>LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.</p> <p>LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.</p>	<p>Producir textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CAA</p>

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas.	<p>LCLB2.6.6. Explica por escrito o significado dos elementos visuais que poidan aparecer nos textos (gráficas, imaxes, etc.).</p> <p>LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.</p> <p>LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).</p> <p>LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresalientes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.</p> <p>LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.</p>	Observar, reflexionar, explicar e usar os trazos característicos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, con especial atención aos discursos expositivos e argumentativos.	CCL CCL CSC CCL CCL CCL
H	<p>A oración composta: xustaposición e coordinación.</p> <p>A oración composta: subordinación sustantiva.</p> <p>EOE CL EMP</p>	B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	<p>LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.</p> <p>LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituintes doutra oración.</p> <p>LCLB3.6.4. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e</p>	<p>Observar, reflexionar e explicar os límites sintácticos e semánticos da oración composta, as palabras que relacionan os grupos que forman parte desta e os seus elementos constitutivos.</p> <p>Diferenciar oracións simples de coordinadas, xustapostas e subordinadas.</p> <p>Identificar os nexos que introducen as oracións subordinadas substantivas.</p>	CCL CCL CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
A B C D E H L M	Os xéneros periodísticos: información, opinión e mixtos. CL EOE CA TIC EC PV EMP	B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.	LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.	Comprender, interpretar e valorar textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral.	CSC
		B1.3 Comprender o sentido global e a intención de textos orais.	LCLB1.3.4. Identifica o propósito, a tese e os argumentos das persoas participantes en debates, faladoiros e entrevistas procedentes dos medios de comunicación audiovisual, valorando de forma crítica aspectos concretos da súa forma e o seu contido.	Observar e comprender o sentido global de debates, coloquios, entrevistas e conversas espontáneas, a intención comunicativa de cada interlocutor/a e aplicar as normas básicas que regulan a comunicación.	CCL
		B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesia nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.	LCLB1.7.2. Analiza criticamente debates e faladoiros procedentes dos medios de comunicación, recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando criticamente a súa forma e o seu contido.	Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesia da comunicación oral que regulan as conversas espontáneas e outras prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación. Debate.	CCL
		B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.	LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica). LCLB2.2.3. Comprende e explica os elementos verbais e os non verbais, e a intención comunicativa dun texto publicitario procedente dos medios de comunicación. LCLB2.2.4. Localiza informacións explícitas nun texto e relaciónaas entre si e co contexto, secuênciaas e deduce informacións ou valoracións implícitas.	Coñecer e usar de maneira progresiva técnicas e estratexias de comprensión escrita. Ler de maneira comprensiva, interpretar e valorar textos escritos en relación cos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	CSC CCL CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			LCLB2.2.5. Interpreta o sentido de palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global. LCLB2.2.6. Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.		CCL CAA CMCCT
H	Oracións compostas subordinadas: adxectivas e adverbiais. CL EOE EMP	B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións. LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración. LCLB3.6.4. Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.	Observar, reflexionar e explicar os límites sintácticos e semánticos da oración composta, as palabras que relacionan os grupos que forman parte desta e os seus elementos constitutivos. Diferenciar entre os distintos tipos de oracións subordinadas. Identificar os nexos que introducen as oracións subordinadas adxectivas e adverbiais.	CCL CCL CCL
A B E H	Morfoloxía. Estrutura da palabra. Semántica: os fenómenos semánticos. CL EOE EMP	B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua. B3.3 Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufixos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego.	LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbidas e irregularidades da lingua, etc. LCLB3.3.1. Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos. LCLB3.3.2. Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías	Utilizar de maneira autónoma as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información. Observar, reflexionar e explicar o uso expresivo dos prefixos e sufixos, recoñecer os que teñen orixe grega e latina, explicar o significado que lle achegan á raíz léxica e a súa capacidade para a formación e a creación de novas palabras.	CCL CD CCL CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		<p>B3.4. Identificar os niveis de significado de palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito onde aparecen.</p> <p>B3.5. Usar correctamente e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.</p>	<p>gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos. LCLB3.3.3. Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.</p> <p>LCLB3.4.1. Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen. LCLB3.4.2. Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.</p> <p>LCLB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital, resolve eficazmente as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe autónoma.</p>	<p>Observar, reflexionar e explicar os niveis de significado de palabras e expresións no discurso oral ou escrito.</p> <p>Manexar dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre a normativa e o uso non normativo das palabras, e interpretar as informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e uso).</p>	<p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CD</p>
<p>B</p> <p>E</p> <p>H</p> <p>L</p> <p>N</p> <p>C</p>	<p>A evolución dos xéneros literarios a partir da Guerra Civil.</p> <p>CL</p> <p>EOE</p> <p>EMP</p>	<p>B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.</p> <p>B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos</p>	<p>LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos no seus discursos orais ou escritos. LCLB2.4.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.</p> <p>LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/cas compañeiros/as. LCLB4.3.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polos</p>	<p>Utilizar de maneira autónoma as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fontes de obtención de información.</p> <p>Ler libremente obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus</p>	<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p>

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		<p>nosos, reais ou imaxinarios.</p> <p>B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.</p> <p>B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.</p>	<p>alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.</p> <p>LCLB4.3.3. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.</p> <p>LCLB4.3.4. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</p> <p>LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</p> <p>LCLB4.4.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.</p> <p>LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, claridade e coherencia, un tema relacionado co currículo de Literatura.</p> <p>LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.</p> <p>LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da</p>	<p>propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.</p> <p>Identificar os trazos propios da literatura a partir da Guerra Civil.</p> <p>Relacionar obras representativas de cada movemento co seu autor e xénero.</p> <p>Relacionar características con movementos literarios.</p> <p>Aproximarse ás obras máis representativas da literatura española desde o século XVIII aos nosos días a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas.</p> <p>Consultar fontes de información variadas para a realización de traballos e a cita adecuada destas.</p>	<p>CCL</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCL CD</p> <p>CCL CSIEE</p> <p>CD</p>

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 4º ESO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			comunicación para a realización dos seus traballos educativos.		

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Empregaremos os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

Para realizar a difícil tarefa de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe haberá que determinar os procedementos e instrumentos de avaliación. Ante esta necesidade o Departamento de Lingua Castelá e Literatura decidiu establecer de forma xeral e aplicables a cada unidade didáctica segundo conveña e consideremos oportuno os seguintes:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
Interese polo traballo	Seguimento do alumno Observación directa Rexistro de tarefas realizadas Revisión do caderno do alumnado
Participación activa	Ler os libros obrigatorios Facer comentarios ou razoamentos Presentar traballos ou tarefas en grupo ou individualmente
Probas escritas	Fichas de actividades Probas prácticas Probas teóricas Redaccións Exposicións ou comentarios Resumos Esquemas
Probas orais	Exames orais Presentacións orais Lectura en voz alta Facer resumos de contidos teóricos ou prácticos

Cada profesora fará o uso que considere oportuno destes instrumentos e procedementos e poderá incluso incluír outros apartados atendendo ás características do curso que imparta. Faranse extensibles e poderanse aplicar en todos os cursos da ESO.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Atenderemos aos seguintes criterios de cualificación:

- **Exames: 80% da nota de avaliación**

A cualificación deste apartado será a media ponderada das notas obtidas nas probas que se realizarán por avaliación. Sobre elas, terase en conta a ortografía (0.1 menos por cada erro tanto de ortografía, expresión como de puntuación ata un máximo de 1 punto). Farase media das probas sempre e cando o alumno alcance como **mínimo un 3 e superara o control da lectura obrigatoria** para cada unha das avaliacións.

A realización das probas obxectivas pode ser monográfica (parte de lingua ou parte de literatura) ou combinando ambas. Cando isto último sucede, non se permitirá que ningunha das partes quede sen contestar ou inclúa respostas absurdas porque, non se considerará que o alumno alcanzase os obxectivos mínimos das distintas unidades temáticas obxecto de avaliación. Polo tanto é necesario que en cada un dos bloques acade polo menos a metade da valoración total que esa parte teña no exame.

É importante sinalar que nos exames escritos cada pregunta terá ao lado a súa correspondente puntuación. Estes poderán ser revisados polos alumnos e a profesora puntualizar as observacións e correccións que fixese, ben na aula ou en tempo e lugar establecido.

Se durante a celebración de calquera das probas de avaliación vemos que o alumno manipula *chuletas*, apuntamentos, o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico coa intención de copiar, será obxecto de **medida disciplinaria**. Isto suporía a retirada inmediata e invalidación de dito exame, sendo a súa cualificación de 0 puntos.

- **Control de lectura: 10% da nota de avaliación**

Haberá unha lectura obrigatoria en cada avaliación. Aínda están sen sinalar porque acostumamos introducir algunha variación dun curso para outro. No seu momento faranse constar no Libro de actas do Departamento e na Memoria final de curso.

Será necesario superar este exame para que se valore a avaliación correspondente como aprobada. Poderá ser avaliada de forma monográfica ou incluída nalgunha das probas de avaliación. A súa realización será de maneira escrita, oral ou a través dun traballo con preguntas guiadas segundo a decisión da profesora.

- **Observación e realización de tarefas propostas: 10% da nota de avaliación**

Prestarase especial atención á participación, traballo dentro e fóra da aula, interese, esforzo, material necesario, actitude,

colaboración en traballos grupais, exposicións orais (lingua oral), presentación en tempo e forma dos traballos obrigatorios... Poderase levar a cabo un seguimento diario e ao finalizar cada un dos trimestres do caderno do alumno, con observacións e anotacións por parte da profesora atendendo á presentación, realización de actividades e procura de información, organización... Este combinarase coa revisión e cualificación das tarefas que se propoñan para a súa entrega a través dos medios telemáticos ou polas canles habituais.

En xeral, estes elementos de avaliación poderán ser valorados convenientemente pola profesora con positivos (traballo feito) e negativos (traballo non realizado). A diferenza entre o número de positivos e negativos será a que determine a nota neste apartado xunto coas cualificacións obtidas naquelas tarefas que sexan puntuadas numericamente.

- **Lecturas opcionais** poderán obter ata un **0.5 a maiores** sobre a nota da avaliación correspondente.

Ademais de todo o anterior, para acadar o aprobado na materia de Lingua Castelá e Literatura de 4.º da ESO o alumnado debe cumprir os seguintes requisitos:

- Obter unha puntuación final que sexa igual ou superior a 5 puntos, unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes.
- Presentarse aos exames na data indicada previamente. En caso de causa de forza maior debe presentar o xustificante pertinente para ter dereito a repetir a proba noutra data.
- Sempre que se dea o caso, obter a nota mínima que se estableza para cada unha das partes que compoñen un exame.

Durante o curso, no caso dalgunha **avaliación suspensa**, a profesora facilitará a recuperación mediante probas que se realizarán no seguinte trimestre (ao comezo do segundo e terceiro) e, unha vez realizado o terceiro, para facilitar a consecución dos obxectivos do curso. Así mesmo, aquel alumnado aprobado, pero que non estea satisfeito cos resultados dalgunha das avaliacións, tamén poderá presentarse a esas probas na procura da mellora destes. Neste último caso, terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta. A **nota desas probas estará sometida á porcentaxe** correspondente dentro dese **80%**.

O noso alumnado, ao longo do curso, obterá na nosa materia unha nota na **primeira avaliación**, outra na **segunda** e unha **nota na terceira** que se celebrará a comezos do mes de xuño, ademais dunha **avaliación ordinaria** a finais deste mesmo mes. No período de tempo que abrangue desde a celebración da terceira avaliación ata a ordinaria, os membros do Departamento tomamos a decisión de levar a cabo un labor de titorización e traballo con diferente tipo de actividades dependendo da realidade do noso alumnado: repaso, apoio, reforzo, ampliación ou recuperación daqueles contidos mínimos non superados ao longo do curso coa finalidade de que o alumnado implicado poida acadar os estándares de aprendizaxe previstos. Os escenarios cos que nos podemos atopar son os seguintes:

- **ALUMNADO QUE TEN SUSPENSA ALGUNHA AVALIACIÓN OU QUERE OPTAR A MELLORAR A SÚA NOTA EN CALQUERA DELAS**

Coa realización destas actividades prepararase para poder presentarse a unha **proba escrita** na que demostrará que acadou os estándares desa avaliación en concreto. A nota desa proba estará sometida á porcentaxe correspondente dentro dese **80%**. No caso de telas aprobadas pero que desexe optar á mellora dos resultados, tamén se poderá presentar a unha **proba escrita** (terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta) supeditada a esa mesma porcentaxe. A nota desa avaliación ordinaria será o resultado de facer a **media** das cualificacións aritméticas reais sen aproximar obtidas nas **tres avaliacións**. Considerarase superada a materia do presente curso escolar cando se obteña unha cualificación **final igual ou superior a 5** puntos. Esa nota final será resultado dunha aproximación, **a partir de 0.5 décimas**, ao punto seguinte.

- **ALUMNADO CON AVALIACIÓN POSITIVA NAS TRES CONVOCATORIAS**

Coa realización destas actividades, que presentará en prazo e forma, poderá optar **ata unha puntuación de 0.5** sobre a nota media das tres avaliacións. Para o cálculo da nota **media**, teranse en conta as cualificacións aritméticas reais sen aproximar obtidas nas **tres avaliacións**. Considerarase superada a materia do presente curso escolar cando se obteña unha cualificación **final igual ou superior a 5** puntos. Esa nota final será resultado dunha aproximación, **a partir de 0.5 décimas**, ao punto seguinte.

- **ALUMNADO QUE TEN SUSPENSAS AS TRES AVALIACIÓNS**

Coa realización destas actividades prepararase para poder presentarse a unha **proba escrita de contidos mínimos de toda a materia** coa que demostrará que acadou os obxectivos e competencias do curso de referencia. O exame estará constituído polo bloque de Lingua e Literatura. Buscarase que o peso porcentual sexa máis ou menos equitativo entre ambas partes; por tanto, será necesario sacar como mínimo a metade da puntuación en cada unha delas para poder superar dito exame. A cualificación da materia coincidirá coa nota dese exame. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación **final igual ou superior a 5** puntos. Esa nota final será resultado dunha aproximación, **a partir de 0.5 décimas**, ao punto seguinte.

METODOLOXÍA. ESTRATEXIAS E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Atendendo aos principios que inspiran a lexislación vixente e ás formulacións pedagóxicas da Ensinanza Secundaria, a metodoloxía utilizada será esencialmente activa para todos os bloques de contido. Partimos, entón, da aprendizaxe significativa e funcional, combinando sempre as distintas formas de construción do coñecemento a partir dos recursos de que se dispoña, sen esquecer a presenza activa do alumnado e o seu traballo participativo no proceso, tanto de forma individual como en grupo. Así, o alumno deberá revisar e reelaborar os coñecementos previos coa axuda da profesora, incrementándoos por medio da asociación entre aqueles e os novos. Á vez relacionará estes conceptos novos coa experiencia persoal e contrastaralos cos dos seus compañeiros, polo que resulta fundamental o traballo en equipo.

Os principios básicos que, na medida do posible, se intentarán manter son os seguintes:

- Partir das ideas previas. O alumno deberá revisar e reelaborar os coñecementos previos coa axuda da profesora, incrementándoos por medio da asociación entre aqueles e os novos.
- Modelo de aprendizaxe significativa e construtivista. Favorécese así unha aprendizaxe autónoma tendo como referentes un método dedutivo, analítico e participativo.
- Integrar de maneira adecuada o tratamento teórico e conceptual. É esencial que a actividade de clase se oriente de maneira que se poida motivar a reflexión do alumno sobre o uso propio e os usos alleos da lingua, como instrumento necesario para conseguir unha mellora efectiva nas súas capacidades de comprensión e expresión.
- Metodoloxía motivadora. Trátase de formular situacións que conecten dalgunha maneira cos intereses e expectativas do alumnado. A aportación desta programación nese sentido motivador vén favorecida polo uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) segundo dispoñibilidades. Doutro lado, procederase a potenciar a utilización da biblioteca, na medida do posible, para favorecer os hábitos de lectura e a búsqueda de información complementaria e ampliación de coñecementos.
- O mecanismo metodolóxico fundamental será o traballo con textos moi diversos (xornalísticos, literarios, expositivos, de opinión, electrónicos, etc.) para a súa lectura comprensiva, observación e anotación, análise e comentario. En relación con este aspecto, traballarase a lectura tanto na aula como na casa. Será obrigatoria unha lectura literaria por trimestre, pero daráselles a posibilidade tamén de obras alternativas coa fin de despertar interese pola actividade lectora a través de publicacións que se acerquen aos gustos do alumnado.
- Será labor prioritario da profesora axudar ao alumno a inducir e sistematizar de maneira adecuada os contidos programados. Utilizaranse esquemas e árbores conceptuais para asentar os contidos fundamentais de cada tema. O uso destas ferramentas contribuirá deste xeito á competencia clave de "aprender a aprender". Ademais, procurarase consolidar os coñecementos e capacidades adquiridas mediante actividades variadas e prácticas específicas.
- Combinarase convenientemente, segundo os contidos de que se trate, o traballo individual do alumno coas actividades de carácter colectivo ou de grupo.
- Enfoque multidisciplinar. Levarase a cabo un traballo de colaboración con distintos departamentos a fin de que o alumnado integre os coñecementos relacionados en distintas áreas. Neste sentido preténdese que o alumnado asuma a funcionalidade e sexa capaz de ver a relación dun concepto en varias disciplinas.

Existen diferentes modelos metodolóxicos. Na nosa programación non hai identificación específica por un único modelo, será a realidade da aula a que determine en cada momento e incluso en cada unidade o método a seguir.

Polas características propias da materia e a súa base metodolóxica será necesario a utilización dos seguintes materiais e recursos didácticos:

- O libro de texto da editorial Casals (Alfredo Reina, Emilia Navarro e Roberto Bravo de la Varga 4º ESO. Edicións Casals, Madrid, agosto de 2016) constituirá unha guía tanto para a profesora como para o alumnado. Non obstante, xamais será un fin en si mesmo, senón que tamén serán capitais os exercicios elaborados pola profesora e os textos que esta traia á aula con actividades.
- Libro dixital da editorial Casals.
- Dicionarios de distintos tipos.
- Libros para a lectura obrigatoria (un por cada avaliación). Serán seleccionadas ao comezo de cada trimestre e constarán no Libro de actas e na Memoria de final de curso. Pódese propoñer aos alumnos unha lista de obras seleccionadas para elixir e fomentar así a lectura como fonte de pracer.
- Ordenador na aula. Taboleiro dixital. Aula Virtual IES Martaguisela. Correos electrónicos.
- Canón e conexión a Internet.

- Películas e documentais.
- Textos diversos, especialmente, xornalísticos, literarios e da vidacotía. Relatos breves para a súa lectura na aula.
- Recursos fotocopiabiles relativos tanto a actividades como a contidos adaptados pola profesora ás necesidades do grupo.
- Recursos dixitais: selección de páxinas web e blogs de Lingua Castelá e Literatura para 4º ESO, a páxina web da RAE ou xornais na súa edición dixital, para traballar coas novas tecnoloxías e complementar os contidos do libro e facilitar a realización de actividades e tarefas.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Polo que respecta ao seguimento e recuperación da materia pendente, intentaremos motivar aos alumnos que non acadaran os obxectivos da materia no/s curso/s anterior/es con exercicios de recuperación. Facilitaráselle direccións dixitais nas que poida repasar os contidos e realizar actividades autocorrectivas dos diferentes bloques coa fin de conseguir os contidos mínimos esixibles.

No caso daqueles alumnos que teñan a materia pendente, ao carecer dunha hora asignada para ese cometido, o seu seguimento correrá a cargo da profesora que lle imparta clase no presente curso. Esta, ademais de valorar o seu progreso, pódelle facilitar actividades encamiñadas á revisión e adquisición dos contidos da/s materia/s pendente/s.

No caso de que o alumno/a coa materia pendente de 1º, 2º ou 3º da ESO aprobe as dúas primeiras avaliacións de 4º da ESO obterá o aprobado na/s materia/s pendente/s. Se non se dá o caso anterior, ou se o alumno desexa subir a nota de aprobado (un 5 obtido de maneira directa por aprobar as dúas primeiras avaliacións do curso de referencia), terá que realizar un exame oficial extraordinario de contidos mínimos da/s materia/s pendente/s, que será fixado pola Xefa de Departamento de Lingua Castelá e Literatura e que terá lugar no mes de maio. Se a pendente é a de 3º da ESO e quere unha cualificación maior ao 5, o alumno ou alumna presentárase á parte de Literatura para poder subir a nota (os contidos de Literatura de 3º non son os mesmos que en 4º). Serán debidamente informados da data e o lugar de realización do mesmo con antelación. No caso de non superalo, presentárase á concacatoria ordinaria, a finais de xuño, na que se avaliará de contidos mínimos da/s materia/s pendente/s.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Realizarase na primeira semana do curso escolar e daranos información sobre os coñecementos previos que posúe o alumno da materia, permitíndonos adecuar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ás súas posibilidades, aínda que o alumnado que chega a 4º curso xa conta na súa maioría cun seguimento por parte do Departamento. Coa avaliación inicial detectamos as principais carencias que pode presentar e así iniciaremos o proceso de ensinanza-aprendizaxe dunha maneira máis segura e eficaz.

Así mesmo, a avaliación dos coñecementos previos pódese realizar ao comezo de cada unidade, pedindo aos alumnos que adiviñen de que trata cada unha, a partir do título, as imaxes, a lectura inicial...

Antes de iniciar o proceso de avaliación deben terse en conta aspectos tan esenciais como:

- Posibilitar que demostre o que sabe.
- Que non viva a experiencia como un exame ou unha proba a superar.
- Considerar a avaliación de forma flexible.
- A avaliación inicial poderase corrixir na aula de maneira común ao mesmo tempo que se van formulando novas cuestións.
- As profesoras observarán a súa actitude de cara á materia e grao de interese.
- De ser necesario, poderase solicitar unha entrevista coa orientadora.

Un modelo posible de avaliación inicial contería estas preguntas:

- Un texto sobre o que se realizarán preguntas de comprensión (comprensión lectora).
- Un bloque de gramática e ortografía para comprobar o grao de adquisición de contidos básicos do curso anterior (clases de palabra, acentuación e puntuación dun texto, análise sintáctica básica da oración simple).
- Expresión escrita (resumo, redacción dun texto cunha temática guiada ou descrición dunha paisaxe, persoa...).

Ademais da realización dunha proba, contamos cos informes de avaliación do curso anterior, tendo completa dispoñibilidade para poder consultalos. Os datos recadados na nosa materia completáranse coa observación das profesoras na aula, coa información que nos acheguen os titores, o resto do equipo docente e os membros do equipo de orientación no momento da celebración da sesión de avaliación inicial. Non obstante, como por cuestións organizativas a Programación ten que ser entregada antes do día 20 de setembro non poderemos deixar constancia nela da análise e valoración dos resultados, porque aínda non se levaron a

cabo estas accións e polo tanto non contamos con datos concluíntes.

Unha vez realizada a avaliación inicial e vistos os resultados, de ser preciso as profesoras poderán adoptar:

- Medidas de apoio e recuperación para aqueles alumnos que se detectou que o poidan necesitar.
- Medidas encamiñadas a modificar, perfilar e enriquecer o proceso educativo definindo, grazas á información obtida nesta avaliación, cuestións relativas ao desenvolvemento do currículo (estratexias de ensinanza-aprendizaxe, metodoloxía na aula, temporalización das unidades didácticas, selección de materiais e recursos, implicación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe...).
- Medidas extraordinarias para aqueles alumnos que precisen de adaptacións curriculares significativas ou reforzo educativo (apartado seguinte).

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade debe constituír un pilar esencial da aula. Tendo en conta que o alumnado de 4º curso da ESO xa non conta coa oportunidade de acudir á aula de apoio para traballar en pequeno grupo con profesorado especialista en pedagogía terapéutica, será labor das profesoras supervisar o proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a, detectando as carencias e intentar pórllle remedio. Para iso:

- Realizarase unha avaliación inicial coa fin de detectar posibles déficits nos contidos básicos da materia.
- Acudirase ao Departamento de Orientación para pedir asesoramento e para levar a cabo as medidas oportunas. A coordinación con este departamento debe ser constante tanto para coñecer o punto desde o que partimos, como para trazar itinerarios no caso de alumnado que precise unha atención especial.
- Manterase un contacto constante cos titores e coa familia de ser o caso.
- Deseñaranse situacións de ensinanza-aprendizaxe nas que teñan cabida diferentes ritmos na adquisición de contidos.
- Potenciarase a autonomía do alumnado, así como o traballo en grupo para buscar a colaboración entre eles.
- Entregarase material de reforzo a aquel alumnado que o necesite e a profesora encargárase de supervisalo e corríxilo.
- Utilizaranse materiais curriculares diversos, adecuándoos ás características do alumnado e insistirase na dimensión práctica da materia coa fin de despertar o interese do alumnado cara ela.
- Programaranse actividades motivadoras que respondan aos intereses do alumnado e á conexión co seu entorno social e cultural.
- No caso de que sexa necesario e sempre en coordinación co Equipo de Orientación, levaranse a cabo as medidas oportunas.

En definitiva, respectaremos as diferenzas individuais e a partir delas buscaremos modelos que fagan posible o proceso comunicativo, clave e esencial no noso proceso de ensinanza-aprendizaxe.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NESTE CURSO

A materia de Lingua Castelá e Literatura pode considerarse en si mesma unha materia transversal, posto que a expresión oral e escrita, así como a lectura e comprensión de textos moi diversos, representan actividades fundamentais en moitos ámbitos da nosa vida.

Seguindo o DECRETO 86/2015 (DOG de 29 de xuño de 2015), podemos establecer que os elementos transversais que se traballan na aula de 4º ESO na materia de Lingua Castelá e Literatura son:

- A comprensión lectora (CL) e a expresión oral e escrita (EOE). Trátase dun elemento transversal que está presente en todos e cada un dos bloques de contido e que se converterá nunha ferramenta clave para apoiar ao alumnado no seu proceso de maduración académica e persoal.
- A comunicación audiovisual (CA) e o uso das TIC. O manexo de dicionarios electrónicos así como doutros recursos web, prensa electrónica, etc. serán importantes para progresar no coñecemento. Ademais, traballarase o manexo de procesadores de texto na elaboración de traballos académicos, na redacción de cartas e doutros tipos de texto.
- Educación cívica e constitucional (EC); prevención e resolución pacífica de conflitos; pluralismo político, paz e democracia: o traballo da expresión oral ten no debate un terreo magnífico no que se potenciarán a tolerancia, o respecto cara aos demais e a escoita comprensiva e construtiva para sentar as bases do entendemento cívico.
- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero e de todo tipo de violencia (PV). Sempre que sexa posible traerase á aula prensa para traballar desde un punto de vista crítico e construtivo non só contidos

lingüísticos, senón tamén sociais. Despertarase o espírito crítico do alumnado e, de maneira especial, acercámonos a textos que fagan visible o enorme problema da violencia de xénero.

- Igualdade de oportunidades e prevención de todo tipo de violencia (PV): levaranse á aula textos nos que se trate o tema da discapacidade para promover a reflexión acerca da necesidade de crear unha sociedade igualitaria. Reflexionarase tamén a partir de textos ou de documentos audiovisuais sobre a violencia e construíranse debates arredor desta cuestión.
- Creatividade, autonomía, traballo en equipo, sentido crítico (EMP): traballaremos a creatividade, non só coa creación de textos literarios, senón tamén no día a día da aula, fomentando a participación activa. O traballo en equipo será importante para a realización de traballos de investigación que, ao mesmo tempo, desenvolverán a autonomía do alumnado. E o acercamento aos textos argumentativos permitiranos potenciar a capacidade crítica dos alumnos e alumnas, que terán que formar a súa propia opinión e defendela con argumentos sólidos.

Todo isto dende un punto de vista xeral, pero a concreción deste apartado no que se debe recoller a *concreción dos elementos transversais neste curso* reflíctese no apartado 5.2 Programación específica (cadros). Polo tanto remito ao mesmo.

5.3 PROGRAMACIÓN LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO

A materia de Lingua Castelá e Literatura é unha materia troncal obrigatoria no segundo curso de Bacharelato. Ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, sociolingüística e literaria. Debe aportar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos demais para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe artículase na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos tanto dos elementos formais como das normas sociolingüísticas. A reflexión literaria a través da análise e a lectura de textos e obras completas representativas do patrimonio literario permite ao alumnado coñecer outras realidades sociais e culturais, enriquecer a súa personalidade ampliando a súa visión do mundo, e afianzar os seus hábitos lectores, desenvolvendo o sentido estético.

O obxectivo último da materia de Lingua Castelá e Literatura é crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e a mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos.

En resumo, a materia de Lingua Castelá e Literatura en 2º de Bacharelato, pretende contribuír a establecer as bases para unha formación integral baseada na autonomía persoal que permita que ao finalizar a etapa educativa, o alumnado sexa capaz de transferir os saberes adquiridos ás novas instancias que aparecerán na opción de vida que seleccionen, superando con este instrumento barreiras e xerando aspiracións realizables para todos que representen un futuro mellor.

É importante sinalar que este segundo curso de Bacharelato prepara aos alumnos para a superación da ABAU se o que queren é continuar con estudos universitarios. Ata o momento da elaboración desta programación, para este curso continúan sendo vixentes as Orientacións para a preparación das probas de Lingua Castelá e Literatura que se fixeron públicas na páxina ciug.gal polo Grupo de traballo en outubro de 2021.

VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS E ELEMENTOS TRANSVERSAIS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN, COMPETENCIAS CLAVE E TEMPORALIZACIÓN

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
D E	Diferentes relacións léxico-semánticas das palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo léxico e campo semántico), mediante a identificación nun texto ou o emprego de sinónimos ou antónimos, etc. EOE CL	B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen.	LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras ou expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa. LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedemento de cohesión textual.	Observar, reflexionar e explicar o significado das palabras no contexto. Denotación e connotación. Distinguir os distintos tipos de relacións semánticas e propoñer exemplos.	CCL CCL
A E H	A lingua española no século XXI. O español de América. Identificación de voces patrimoniais, cultismos, semicultismos e préstamos. EOE CL CV	B3.9. Coñecer a situación do español no mundo, as súas orixes históricas e os seus trazos característicos, e valorar as súas variantes.	LCL2B3.9.1. Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital. LCL2B3.9.2. Coñece as orixes históricas do español en América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto oral ou escrito algúns dos trazos característicos e valorando as súas variantes.	Coñecer e explicar o español actual, o español na rede e a situación do español no mundo. Identificar nun texto trazos do español de América. Recoñecer, explicar e clasificar interferencias lingüísticas do galego no castelán. Distinguir nun texto voces patrimoniais, cultismos, semicultismos e neoloxismos.	CSC CSC
D E	Posibilidades de creación de palabras e enriquecemento do léxico mediante a composición, derivación, parasíntese e acronimia. CL EOE	B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras do español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, a comprensión e o enriquecemento do vocabulario activo.	LCL2B3.1.1. Explica os procedementos de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos, e explicando o seu significado. LCL2B3.1.2. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de gran parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución do significado de palabras descoñecidas.	Analizar e explicar o léxico castelán a partir do coñecemento de morfemas de procedencia grecolatina. Distinguir e explicar os distintos procedementos de formación de palabras novas en castelán.	CCL CAA
D H I	O Modernismo. Características xerais a través da figura de Rubén Darío e Delmira Agustini. A novela na xeración do 98: Baroja, Unamuno e Azorín. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez. Evolución e características xerais da xeración do 27 a través dalgúns dos principais autores e autoras: Salinas, Lorca, Alberti, Cernuda e Las	B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os/as autores/as e obras máis significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os/as autores/as e obras máis representativas.	Relacionar os distintos movementos co contexto no que apareceron. Recoñecer e diferenciar as características propias dos distintos movementos nun texto. Explicar as obras máis representativas da literatura dos movementos literarios estudados. Clasificalas atendendo ao xénero, movemento e autor/a.	CCEC

IÆS “Martaguisela” - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
1ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
	Sinsombrero. CL EOE				
D H I C M	Estudo da obra de Lorca: <i>Romancero Gitano</i> . CL EOE TIC	B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas. B4.3 Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence. LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas. LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	Analizar fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>Romancero gitano</i>). Interpretar de maneira crítica fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>Romancero gitano</i>).	CCEC CCEC CSC

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
B D G H I C M	Estudo da obra de Almudena Grandes: <i>El lector de Julio Verne</i> . CL EOE TIC EMP CA EC	B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence. LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas.	Analizar fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>El lector de Julio Verne</i>).	CCEC
		B4.3 Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	Interpretar de maneira crítica fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>El lector de Julio Verne</i>).	CSC
		B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.	LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.	Planificar e elaborar traballos educativos escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores da literatura do século XX ata os nosos días.	CAA
		B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.	LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos, para mellorar a expresión escrita. LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, xénero textual, etc.), empregando os	Planificar, realizar, revisar e mellorar textos escritos de diferentes ámbitos sociais e educativos.	CCL
					CCL

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos. LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.		CAA
D E G H L	Resumo ou esquema dun texto. CL EOE EMP	B1.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos orais do ámbito educativo (conferencias e mesas redondas), diferenciando a información relevante e accesoria, e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos. B1.3. Extraer información de textos orais xornalísticos e publicitarios procedentes dos medios de comunicación social, recoñecendo a intención comunicativa, o tema, a estrutura e o contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido. B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.	LCL2B1.2.1. Sintetiza por escrito o contido de textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, discriminando a información relevante. LCL2B1.3.1. Interpreta diversos anuncios sonoros e audiovisuais, identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir o receptor, valorando criticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias. LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal. LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo,	Distinguir as ideas principais das secundarias nun texto expositivo ou argumentativo. Comprender textos orais procedentes dos medios de comunicación social: xéneros informativos de opinión. Resumir textos respectando a coherencia, cohesión, adecuación e corrección ortográfica.	CAA CSC CCL CAA

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais e as secundarias. LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para melloralala.		CCL
D E	Clases de sintagmas: constituintes e funcións. Funcións primarias da oración. Relacións entre estruturas sintácticas. CL EOE	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas. B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada. LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes. LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.	Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas simples e complexas e as conexións lóxicas e semánticas nos textos. Crear estruturas sintácticas e textos a partir dunhas directrices dadas. Identificar función e categoría de palabras ou sintagmas suliñados nun texto. Observar, reflexionar e explicar as formas de organización textual de textos procedentes de diferentes ámbitos. Intertextualidade.	CCL CCL CSIEE
D G H I	A poesía española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Miguel Hernández, Blas de Otero, Gil de Biedma e Gloria Fuertes. O teatro español anterior á Guerra Civil: Lorca e Valle-Inclán. As figuras de Buero Vallejo e Alfonso Sastre no teatro español posterior á Guerra Civil. A renovación do teatro. CL	B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativos. B4.4. Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días,	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas. LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días,	Relacionar os distintos movementos literarios co contexto no que apareceron. Recoñecer e diferenciar as características propias dos distintos movementos e xéneros en textos. Explicar as obras máis representativas da literatura dos movementos literarios estudados. Clasificalas atendendo ao xénero, movemento e autor/a.	CCEC CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
2ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
	EOE	expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.	expondo as ideas con rigor, claridade, coherencia e corrección, e achegando unha visión persoal.		
D H I C M	Estudo da obra de Buero Vallejo: <i>La Fundación</i> . CL EOE TIC	B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas. B4.3 Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence. LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas. LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	Analizar fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>La Fundación</i>). Interpretar de maneira crítica fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>La Fundación</i>).	CCEC CCEC CSC

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
			registro formal. LCL2B1.4.5. Avalía as súas presentacións orais e as dos/das seus/súas compañeiros/as, detectando as dificultades estruturais e expresivas, e deseñando estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.		CAA
		B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.	LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o registro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para melloralas.		CCL
		B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, contrastando opinións enfrontadas, defendendo unha opinión persoal e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.	LCL2B2.3.1. Realiza traballos educativos individuais e en grupo sobre un tema controvertido do currículo ou da actualidade social, cultural ou científica, planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, contrastando posturas enfrontadas, e organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos. LCL2B2.3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas-resumo. LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía...		CSIEE CD
		B3.7. Explicar a forma de	LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e		CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		<p>organización interna dos textos expositivos e argumentativos.</p> <p>B3.8. Reflexionar sobre a relación entre os procesos de produción e recepción dun texto, recoñecendo a importancia que para a súa comprensión teñen os coñecementos previos que se posúen a partir de lecturas anteriores que se relacionan con el.</p> <p>B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.</p>	<p>utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.</p> <p>LCL2B3.8.1. Expresa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc., e as súas experiencias persoais en relación co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e interpretación deste.</p> <p>LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.</p>		<p>CCL</p> <p>CAA</p>
E	<p>Identificación e uso das diferentes clases de palabras.</p> <p>Identificación e emprego das diferentes formas verbais e perífrases.</p> <p>CL</p> <p>EOE</p> <p>EMP</p>	B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais, e explicar os seus usos e valores nos textos.	<p>LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e os valores das categorías gramaticais, en relación coa intención comunicativa do emisor, coa tipoloxía textual seleccionada e con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).</p> <p>LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen un uso formal e especializado da lingua evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.</p>	<p>Identificar as distintas categorías gramaticais: o substantivo e o adxectivo: caracterización morfolóxica, sintáctica e semántica; o verbo: flexión verbal; perífrase verbal; o pronome: tipoloxía e valores gramaticais; e os determinantes: tipoloxía e usos. Diferenciar entre pronome e determinante: relacións gramaticais. Distinguir os tipos de adverbios: tipoloxía e valores gramaticais. Recoñecer as preposicións, conxuncións e interxeccións: tipoloxía e valores gramaticais.</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p>
B D E G H L M	<p>Tipos de conectores e procedementos de cohesión.</p> <p>CL</p> <p>EOE</p> <p>EMP</p>	B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.	LCL2B2.1.3. Analiza a estrutura de textos expositivos e argumentativos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os tipos de conectores e organizadores da información textual.	<p>Recoñecer os distintos tipos de conectores e organizadores da información nun texto escrito.</p> <p>Distinguir os distintos tipos de mecanismos de coherencia e cohesión textual.</p> <p>Valorar e respectar a importancia da</p>	CCL

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
		comunicativa.	<p>funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.</p> <p>LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor no texto.</p> <p>LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.</p> <p>LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.</p> <p>LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancia, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.), con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada, co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.</p>		<p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CCL</p> <p>CAA</p>
D H I	<p>A novela española nas tres décadas posteriores á Guerra Civil: Cela, Carmen Laforet, Delibes e Martín Santos.</p> <p>A narrativa peninsular dende 1975 ata os nosos días. Principais tendencias: Almudena Grandes, Muñoz Molina, Eduardo Mendoza, Rosa Montero.</p> <p>A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. O <i>boom</i> da narrativa: Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa.</p>	B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores/as e obras máis significativos.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os/as autores/as e obras máis representativas.	<p>Relacionar os distintos movementos literarios co contexto no que apareceron.</p> <p>Recoñecer e diferenciar as características propias dos distintos movementos e xéneros en textos.</p> <p>Explicar as obras máis representativas da literatura dos movementos literarios estudados.</p> <p>Clasificalas atendendo ao xénero, movemento e autor/a.</p>	CCEC

IÆS "Martaguisela" - O Barco de Valdeorras – Ourense

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º BACHARELATO					
3ª AVALIACIÓN					
Obxectivos	Contidos e elementos transversais	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución de estándares	Competencias clave
	CL EOE				
D H I C M	Estudo da obra de Gabriel García Márquez: <i>Crónica de una muerte anunciada</i> . CL EOE EMP	B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos da historia da literatura do século XX ata os nosos días, identificando as características temáticas e formais, en relación co contexto, o movemento, o xénero ao que pertence a obra do/da autor/a, e constatando a evolución histórica de temas e formas. B4.3 Interpretar de xeito crítico fragmentos ou obras da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou, de ser o caso, de obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/da seu/súa autor/a, o seu xénero e o movemento literario ao que pertence. LCL2B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas, e describe a evolución de temas e formas. LCL2B4.3.1. Interpreta de xeito crítico fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, recoñecendo as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.	Analizar fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>Crónica de una muerte anunciada</i>). Interpretar de maneira crítica fragmentos ou obras significativas do século XX ata os nosos días (<i>Crónica de una muerte anunciada</i>).	CCEC CCEC CSC

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para realizar a difícil tarefa de avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe haberá que determinar os procedementos e instrumentos de avaliación. Ante esta necesidade o Departamento de Lingua Castelá e Literatura decidiu establecer de forma xeral os seguintes:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
Interese polo traballo	Seguimento do alumno Observación directa (caderno da profesora) Rexistro de tarefas realizadas (caderno da profesora)
Participación activa	Ler os libros obrigatorios Facer comentarios ou razoamentos Presentar traballos ou tarefas en grupo ou individualmente
Probas escritas	Fichas de actividades Probas prácticas Probas teóricas Comentarios críticos Resumos
Probas orais	Exames orais Chamadas en clase Presentacións orais

A profesora fará o uso que considere oportuno destes instrumentos e procedementos e poderá incluso incluír outros apartados atendendo ás características do curso que imparta.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Atenderemos aos seguintes criterios de cualificación:

- **Exame (proba escrita): 100% da nota da avaliación**

Poderanse realizar un ou máis exames por trimestre dependendo de ante que avaliación nos atopemos. Cando iso sexa así, cada exame terá asignada unha porcentaxe que o alumno saberá de antemán e se deixará plasmada no mesmo documento. O total das probas escritas realizadas suporá o 100% da nota. Farase media das probas sempre e cando o alumno alcance como mínimo un 3 ou a parte proporcional correspondente a esta cualificación. A realización das probas obxectivas pode ser monográfica (parte de lingua ou parte de literatura) ou combinando ambas. Cando isto último suceda, non se permitirá que ningunha das partes quede sen contestar ou inclúa respostas absurdas. Será necesario obter unha nota mínima en cada parte (metade da puntuación total que lle corresponda no exame a cada un dos bloques) para poder ser avaliado o alumno positivamente. Se durante a celebración de calquera das probas de avaliación vemos que o alumno manipula *chuletas*, apuntamentos, o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico coa intención de copiar, será obxecto de **medida disciplinaria**. Isto suporía a retirada inmediata e invalidación de dito exame, sendo a súa cualificación de 0 puntos.

- O alumnado avaliarase da/s **lectura/s trimestral/es obrigatoria/s**.

Poderán ser avaliadas de forma monográfica ou ben incluídas nalgunha das probas de avaliación. Será necesario superar este exame ou pregunta de ser o caso para que se valore a avaliación correspondente como aprobada. A súa **ponderación será de 2 puntos** (dentro da nota do exame de avaliación, excepto para o segundo trimestre, xa que como hai dúas lecturas será de **3 puntos**) e considerárase non superado cando o alumno saque menos da metade da puntuación que se lle asignara. A súa realización farase de maneira escrita salvo causa de forza maior que se poderá facer de maneira oral (se isto acontecese quedaría reflectido no Libro de actas do Departamento).

- A **actitude** na aula, a realización diaria das **tarefas** que se propoñan incluso a través dos medios telemáticos e o **respecto** pola lingua oral teranse en conta á hora de **redondear** a nota de cada unha das avaliacións e na **cualificación ordinaria de maio**.
- **Ortografía, coherencia e cohesión**: á hora de cualificar as probas escritas poderase descontar da nota obtida polo alumno 0,1 por cada falta de ortografía ou problemas de expresión ata un **máximo de 1 punto**.

Para lograr o aprobado o alumnado, ademais, debe cumprir os seguintes requisitos:

- Presentarse a todos os exames. En caso de causa de forza maior debe presentar o xustificante pertinente para ter dereito a repetir a proba noutra data.
- Presentar todos os traballos obrigatorios, de ser o caso, en tempo e forma.
- Sempre que se dea o caso, obter a nota mínima que se estableza para cada unha das partes que compoñen un exame.

A **nota final** da materia será a **media das cualificacións aritméticas reais sen aproximar** obtidas nas tres avaliacións, tendo en conta o progreso e a evolución do alumno/a na adquisición de contidos. Considerase superada a materia cando se obteña unha cualificación final **igual ou superior a 5 puntos**. A nota final será resultado dunha aproximación, a partir de 0.5 décimas, ao punto seguinte.

No caso dalgunha **avaliación suspensa**, a profesora facilitará a recuperación mediante probas que se realizarán no seguinte trimestre (ao comezo), ou ben, ao final do terceiro, antes da avaliación ordinaria de maio (ou cando veña determinado no calendario), para facilitar a consecución dos obxectivos do curso. No caso de que durante os trimestres, teña unha das partes aprobadas (lingua/literatura/lectura) manterase a nota e só terá que recuperar a parte que teña suspensa. Cando os alumnos presenten serias dificultades á hora de alcanzar os contidos a profesora poderá propoñer actividades diversas. Así mesmo, aquel alumnado aprobado, pero que non estea satisfeito cos resultados dalgunha das avaliacións, tamén poderá presentarse a esas probas de recuperación na procura da mellora destes. Neste último caso, terase en conta para o cómputo da nota da avaliación correspondente, sempre a puntuación máis alta.

No caso de non superar a materia en maio, o alumno poderá presentarse en **xuño** (cando veña determinado no calendario), pero agora si cos contidos mínimos de toda a materia do curso escolar, incluídas as lecturas obrigatorias. O exame estará constituído polo bloque de Comunicación, Lingua, Literatura e Lectura. A cualificación da materia coincidirá coa nota dese exame.

METODOLOXÍA. ESTRATEXIAS E MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A materia de Lingua Castelá e Literatura ten entre os seus obxectivos básicos o desenvolvemento da competencia comunicativa dos estudantes, tanto na súa faceta de lectores cada vez máis expertos como na mellora das súas producións orais e escritas, de maneira que sexan capaces de interactuar con éxito en todos os ámbitos da súa vida: persoal, académico, social e, no futuro, no ámbito profesional.

Con esta premisa, durante o curso utilizarase un completo conxunto de recursos para o desenvolvemento de estratexias relativas á comprensión e expresión oral e escrita:

- A lectura, análise e comentario de textos constitúe a actividade básica na que se centrará o traballo das unidades didácticas, e evidénciase nos apartados de Análise e Comentario de texto.
- Audios e vídeos para o desenvolvemento da comprensión oral de textos académicos e literarios.
- As actividades e tarefas incluídas nas unidades didácticas esixen a produción de distintos tipos de textos, especialmente académicos. Estas propostas combinan as exposicións e presentacións orais, coa elaboración de traballos escritos cun progresivo grao de formalización. Concédese especial protagonismo ao desenvolvemento de estratexias de acceso á información, á selección das fontes consultadas, e aos métodos de tratamento e presentación da información. Polo tanto, as TIC como elemento transversal é algo que estará presente nas unidades didácticas do curso.
- Aprendizaxe mediante actividades complexas. En consonancia co obxectivo de desenvolvemento das competencias en comunicación lingüística, sociais e cívicas, e da conciencia e expresións culturais, optouse pola metodoloxía baseada na realización de actividades complexas e a proposta dunha tarefa final na que se aplican as capacidades adquiridas. Asímlanse contidos, foméntase a creatividade e o uso das TIC como ferramenta de búsqueda e elaboración de información.
- Unha concepción da aprendizaxe como construción conxunta do coñecemento: é cada individuo quen aprende, pero o que se aprende foi elaborado por todo o equipo. De aí a necesidade de promover un comportamento ético no que se aportan ao grupo os propios coñecementos e se respecta o aportado polos demais. Este tipo de aprendizaxe constitúe o marco idóneo para a aplicación dos principios de autoavaliación, avaliación entre iguais e coavaliación.
- Unha metodoloxía que concede ao alumno autonomía para aprender, e converte ao docente en guía e titor do proceso.
- Fomento da creatividade, e do pensamento estratéxico e crítico. A formulación de actividades e tarefas abertas esixe a posta en marcha de procesos cognitivos complexos e a combinación de distintas habilidades e destrezas que favorecen o fomento da creatividade e a atención á diversidade de capacidades. A globalización e o cambio constante característicos do mundo actual esixen individuos capaces de actuar de maneira estratéxica, é dicir, coa competencia necesaria para adaptarse a situacións novas, tomar decisións pertinentes e manter unha actitude constante de aprendizaxe. Ser estratéxico implica: analizar e avaliar novas situacións, recoñecer as metas que se desexan alcanzar, tomar decisións e corrixir a súa aplicación en caso de que sexa necesario e ter conciencia do que se sabe e de como e cando aplicalo. O pensamento estratéxico baséase no «saber» e o «saber facer» e non pode desenvolverse nin teoricamente nin por medio de actividades que impliquen exclusivamente a comprobación de coñecementos. Para adestrarlo é preciso deseñar actividades nas que o alumnado deba despregar a súa capacidade

de actuación, de reflexión e de creación. Pensar criticamente consiste en adoitara unha actitude intelectual de análise de obxectos e informacións de calquera natureza para comprendelos e emitir un xuízo acerca da súa validez, adecuación, congruencia, verdade... Non se trata, pois, de adherirse ou rexeitar unha determinada valoración, senón de examinar os distintos aspectos da realidade, «tomando distancia» e desde diferentes perspectivas. Como se trata dunha actitude intelectual, o pensamento crítico só se pode formar promovendo a súa aplicación a situacións diversas, automatizándoo ata constituílo en hábito.

- Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. Un dos eixes didácticos fundamentais do currículo de Lingua Castelá e Literatura é a incorporación das TIC no proxecto como obxecto de aprendizaxe e como elemento básico para a construción do mesmo. Desde a materia de Lingua Castelá e Literatura foméntase que os alumnos exploren as posibilidades das TIC para aprender, para comunicarse, para realizar as súas propias aportacións e creacións. Desde o punto de vista práctico, as TIC constitúen soporte para determinados contidos e facilitan ferramentas para a construción do coñecemento, especialmente nas actividades de búsqueda de información, e para a realización de actividades e tarefas.
- Atención á diversidade. A atención á diversidade dos alumnos constitúe un elemento central das decisións metodolóxicas. Con este obxectivo, deseñaranse accións para coñecer as características de cada alumno e axustarse a elas para facilitar que alcance os estándares de aprendizaxe avaliábeis. Utilizaranse materiais que faciliten a comprensión dos conceptos, formularanse abundantes actividades sobre distintos contidos para poder entendela e asimilalos con maior rapidez e as actividades organizaranse de maneira secuenciada e progresiva.
- Estableceremos contacto con outros Departamentos coa finalidade de fomentar a interdisciplinariedade. Os Departamentos de Idiomas, Linguas Clásicas, Xeografía e Historia e Lingua Galega e Literatura serán de continua referencia polos temas que se comparten para evitar repetir o mesmo.

Os materiais e recursos didácticos que empregaremos serán os seguintes:

- Tomamos como referencia o libro do alumno e recursos dixitais da editorial Casals e Akal.
- Enlaces web a contidos de reforzo, ampliación, a ferramentas TIC... que complementen os contidos e faciliten a realización de actividades e tarefas.
- Audios de textos diferentes para traballar o desenvolvemento da comprensión e expresión oral.
- Lecturas obrigatorias. Haberá un libro de lectura obrigatoria para cada unha das avaliacións (excepto na segunda que serán dous) co que se pretende acercar aos alumnos os distintos xéneros literarios. Están relacionadas coa literatura que teñen que estudar para o presente curso. Na primeira avaliación procederáse á análise de *Romancero gitano* de Federico García Lorca; na segunda, *El lector de Julio Verne* de Almudena Grandes e *La Fundación* de Buero Vallejo; e na terceira, *Crónica de una muerte anunciada* de García Márquez. Esta selección responde ás Orientacións enviadas en outubro de 2021 polo grupo de traballo encargado da elaboración do exame de Lingua Castelá e Literatura da ABAU para o curso 2022/2023. Con isto preténdese que o contexto social e cultural lles sexa máis próximo para que entendan determinados aspectos e ao mesmo tempo fomentar que se sigan formando como lectores.
- Recursos fotocopiábeis relativos tanto a actividades como a contidos.
- Prensa e selección de textos para traballar fundamentalmente o segundo bloque (comunicación escrita: ler e escribir) e para preparar convenientemente o apartado de Comunicación da proba ABAU.
- Dicionarios tanto en formato impreso como na rede para poder solucionar dúbidas puntuais.
- Aula Virtual IES Martaguisela e correos electrónicos. Taboleiro dixital. Ordenador na aula con acceso a Internet.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE

Para os alumnos que pasen a segundo curso de Bacharelato e teñan a materia de Lingua Castelá e Literatura de 1º Bacharelato pendente, o seu seguimento correrá a cargo da profesora que lles imparte clase no presente curso. Esta estará á súa disposición para resolverlles dúbidas, darlles explicacións e ofrecerlles o material que considere pertinente.

Para o desenvolvemento deste apartado, remito á programación do 1º curso de Bacharelato (<https://edu.xunta.gal/proens>).

ORGANIZACIÓN DE PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS

Segundo o artigo 3.7 da Orde de 24 de xuño de 2008 será preciso acreditar os coñecementos previos que se indican para ser avaliado nas materias seguintes: Física, Química e Electrotecnia de segundo, precisarán de Física e Química de primeiro; Bioloxía e Ciencias da Terra e Ambientais de segundo, precisarán de Bioloxía e Xeoloxía de primeiro.

Polo tanto, a lexislación non considera que deban acreditarse para a nosa materia coñecementos previos no Bacharelato.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Neste curso de 2º Bacharelato daremos especial relevancia á avaliación inicial no bloque de comunicación para detectar posibles problemas, aínda que debemos dicir que, a estas alturas, ao levar os alumnos varios anos no Centro (a maioría), temos bastante información a este respecto. Realizarase na primeira semana do curso escolar e con ela comprobaremos a competencia lingüística do alumnado nos distintos bloques. O procedemento que seguiremos será o seguinte:

- Probas escritas nas que se formularán actividades encamiñadas a comprobar os coñecementos gramaticais, a comprensión dun texto (elaboración dun resumo e/ou un comentario crítico) e a súa expresión.
- Corrección destas probas en común na aula ao mesmo tempo que se van formulando novas cuestións.
- Observación na aula da actitude do alumnado de cara á materia e grao de interese.
- Recadación de información que nos faga chegar a titora ou o equipo de orientación.
- Entrevista coa Orientadora en caso de detectar serias dificultades.

Non obstante, como por cuestións organizativas a Programación ten que ser entregada antes do día 20 de setembro non poderemos deixar constancia nela da análise e valoración dos resultados, porque aínda non se levaron a cabo estas accións e polo tanto non contamos con datos concluíntes.

Dado o carácter desta ensinanza, as medidas que adoptaremos, unha vez vistos os resultados da avaliación inicial, non afectarán aos elementos do currículo senón ao seu desenvolvemento, á metodoloxía, materiais empregados, estratexias, temporalización... Poderase traballar con material de reforzo e ampliación para favorecer o traballo autónomo daqueles alumnos que non presenten dificultades; e para os que si as teñan, o traballo será dirixido. Do mesmo xeito, as actividades ou as cuestións que formulará a profesora tamén responderán a distintos niveis de dificultade.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As aulas son un reflexo da diversidade da sociedade actual e das diferencias propias dos individuos que integran os distintos colectivos. O recoñecemento da diversidade nas habilidades e expectativas dos alumnos e alumnas constitúe o principio fundamental que debe rexer a acción educativa, para asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos ante a educación, e poñer os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade debe ser entendida como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado. Estas medidas orientaranse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o Bacharelato e rexeranse polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal, e cooperación da comunidade educativa.

- A atención á diversidade está incluída na programación do curso e nas programacións de aula das distintas unidades didácticas que compoñen o proxecto. Nelas, ofrécense suxestións de actuación e materiais concretos de apoio educativo.
- A atención ás diferenzas individuais en canto á motivacións, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe están contempladas na combinación de metodoloxías, na diversidade de agrupamentos, actividades complexas e tarefas propostas; na combinación de linguaxes e soportes, na posibilidade de articular distintos itinerarios... elementos todos eles orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe, utilizaremos programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos educacionais nesta etapa. Estes compoñentes

están incorporados na programación das unidades didácticas e ofreceranse aos alumnos en formato impreso.

Acudirase ao Departamento de Orientación para pedir asesoramento e para levar a cabo as medidas oportunas. A coordinación con este departamento debe ser constante tanto para coñecer o punto desde o que partimos, como para trazar itinerarios no caso de alumnado que precise unha atención especial.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NESTE CURSO

A materia de Lingua Castelá e Literatura pode considerarse en si mesma unha materia transversal, posto que a expresión oral e escrita, así como a lectura e comprensión de textos moi diversos, representan actividades fundamentais en moitos ámbitos da nosa vida.

Seguindo o DECRETO 86/2015 (DOG de 29 de xuño de 2015), podemos establecer que os elementos transversais que se traballan na aula de 2º Bacharelato na materia de Lingua Castelá e Literatura son:

- A comprensión lectora (CL) e a expresión oral e escrita (EOE). Trátase dun elemento transversal que está presente en todos e cada un dos bloques de contido e que se converterá nunha ferramenta clave para apoiar ao alumnado no seu proceso de maduración académica e persoal.
- A comunicación audiovisual (CA) e o uso das TIC. O manexo de dicionarios electrónicos así como doutros recursos web, prensa electrónica, etc. serán importantes para progresar no coñecemento. Ademais, traballarase o manexo de procesadores de texto na elaboración de traballos académicos, na redacción de cartas e doutros tipos de texto.
- Educación cívica e constitucional (EC); prevención e resolución pacífica de conflitos; pluralismo político, paz e democracia: o traballo da expresión oral ten no debate un terreo magnífico no que se potenciarán a tolerancia, o respecto cara aos demais e a escoita comprensiva e construtiva para sentar as bases do entendemento cívico.
- Igualdade entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero e de todo tipo de violencia (PV). Sempre que sexa posible traerase á aula prensa para traballar desde un punto de vista crítico e construtivo non só contidos lingüísticos, senón tamén sociais. Despertarase o espírito crítico do alumnado e, de maneira especial, acercáronos a textos que fagan visible o enorme problema da violencia de xénero.
- Igualdade de oportunidades e prevención de todo tipo de violencia (PV): levaranse á aula textos nos que se trate o tema da discapacidade para promover a reflexión acerca da necesidade de crear unha sociedade igualitaria. Reflexionarase tamén a partir de textos ou de documentos audiovisuais sobre a violencia e construíranse debates arredor desta cuestión.
- Creatividade, autonomía, traballo en equipo, sentido crítico (EMP): traballaremos a creatividade, non só coa creación de textos literarios, senón tamén no día a día da aula, fomentando a participación activa. O traballo en equipo será importante para a realización de traballos de investigación que, ao mesmo tempo, desenvolverán a autonomía do alumnado. E o acercamento aos textos argumentativos permitiranos potenciar a capacidade crítica dos alumnos e alumnas, que terán que formar a súa propia opinión e defendela con argumentos sólidos.

Todo isto dende un punto de vista xeral, pero a concreción deste apartado no que se debe recoller a *concreción dos elementos transversais neste curso* reflíctese no apartado 5.3 Programación específica (cadros). Polo tanto remito ao mesmo.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Desenvolveremos a avaliación do proceso de ensino e os seus compoñentes conforme a estratexias que nos permitan obter información significativa e continua para formular xuízos e tomar decisións que favorezan a mellora da calidade da ensinanza. Ao mesmo tempo, o profesor necesita de información para coñecer como está a realizar o seu traballo e melloralo na medida do posible. Ninguén mellor que o seu alumnado para axudarlle nesta tarefa.

Empregaremos para iso os seguintes procedementos:

- Observación: directa (proceso de aprendizaxe dos alumnos) e indirecta (análise de contido da Programación didáctica).
- Cuestionario: complementa a información obtida a través da observación sistemática. Resulta de utilidade a avaliación que realizan os alumnos sobre algúns elementos da Programación, proceso de ensino e práctica docente.

	SI	NON
Realizou unha avaliación inicial ao comezo do curso para saber de que coñecementos partían os alumnos.		
As explicacións realizadas polo profesor foron comprensibles.		
Antes de pasar a un novo contido ou unidade didáctica, interésase por saber se se comprendeu o anterior.		
Corrixe e explica, de forma habitual, as actividades dos alumnos/as, e dá pautas para a mellora da súa aprendizaxe.		
Propón actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma.		
Favorece a participación activa do alumno, para estimular a implicación na construción das súas propias aprendizaxes.		
O profesor presta axuda a aqueles alumnos que precisan dela.		
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos.		
O clima que se respira na clase é o axeitado para o desenvolvemento do proceso de ensino.		
Hai unha boa relación entre o profesor e os seus alumnos.		
O profesor ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer axuda tanto na clase como fóra dela.		
Informa dos resultados aos alumnos, pais ou titores, de maneira clara e precisa, mantendo unha comunicación fluída.		
Aspectos que consideres de interese e non foron recollidos nas formulacións anteriores.		

7. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O noso Departamento colabora co Plan TIC do Centro das seguintes formas:

- Utilización de medios audiovisuais e dixitais do Centro.
- Proxección en clase de documentais e vídeos (entrevistas a escritores, películas...).
- Búsqueda de información en Internet tanto na clase como na casa para solucionar dúbidas.
- Aqueles alumnos que non teñan a posibilidade na casa, está o acceso a Internet na Biblioteca do Centro.
- Utilización de blogs da materia de Lingua Castelá e Literatura para ter acceso a artigos, material, resumos, exercicios...
- Utilización de dicionarios en rede para calquera consulta que precisen.
- Emprego de correos electrónicos, taboleiro dixital, aula virtual e incluso en ocasións o propio móbil para o traballo diario.
- Participación no Proxecto E-DIXGAL en 1º, 2º e 3º da ESO.
- Inscripción dos membros do Departamento nas actividades formativas de uso de ferramentas tecnolóxicas institucionais e formación relacionada co Proxecto E-DIXGAL e o Plan Dixital.

8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Dende o noso Departamento colaboramos co Plan de Convivencia da seguinte maneira:

- A interacción entre o alumnado e o profesorado coa finalidade de crear un ambiente de participación e cooperación para potenciar a comunicación e o intercambio de ideas.
- A planificación de actividades que permitan que o alumno poida expresarse de modo persoal dentro dun marco ben definido, con obxectivos e criterios claros en todo momento.
- Utilización da comunicación como base fundamental sobre a que sustentar o plan de convivencia; a utilización do traballo cooperativo entre o alumnado; a potenciación do traballo coas familias; a introdución do método socioafectivo no IES e na aula traballando a educación para a paz e a convivencia; favorecer a xestión democrática do centro escolar; indicar as normas de convivencia promovendo o consenso; potenciar a dinámica de grupos e as habilidades sociais; cooperar na comisión de convivencia, na selección do alumnado axudante, na mediación escolar e incluso loitar contra o acoso escolar.
- Tamén é necesario traballar a educación para a paz, os dereitos humanos e o concepto de convivencia coa finalidade de resolver de modo non violento os conflitos. Esta educación en e para o conflito debe concentrarse en descubrir a perspectiva positiva do conflito, aprender e analizar os conflitos, así como a súa complexidade e finalmente encontrar saídas non violentas entre as partes enfrontadas. Neste sentido, a lingua convértese na ferramenta esencial para conseguir que o diálogo substitúa ao enfrontamento, polo tanto é fundamental transmitir nas aulas a importancia de abordar os conflitos mediante un uso respectuoso da linguaxe.

9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

O noso Departamento contribúe ao Proxecto Lector do Centro das seguintes formas:

- Fomento da lectura; con tres lecturas obrigatorias por avaliación en todos os cursos.
- Fomento da lectura; con lecturas opcionais por avaliación na maioría dos cursos.
- Parte do Departamento pertence ou colabora no Proxecto da Biblioteca e revista do Centro *Saldoira*.
- Traballo con lecturas de diferentes tipos encamiñadas á produción, comprensión, expresión e educación en valores.
- Actividades variadas con motivo do Día do Libro que abarcan un maior período de tempo que o da propia celebración ou por outras conmemoracións.
- Asignación de parte da carga lectiva semanal da materia á lectura en voz alta con alumnos de 1º ESO.
- Asignación de Reforzo educativo en 2º ESO, onde traballaremos fundamentalmente os bloques 1, 2 e 3 deste curso.
- Asignación de Afondamento en 2º ESO, onde traballaremos fundamentalmente os bloques 1 e 2 deste curso.
- Traballo coa dicción, puntuación, comprensión, expresión e realización de actividades variadas.
- Charlas-coloquio con autores/as dos libros lidos polos alumnos logrando así unha maior interacción e interese.
- Fomento da lectura; coa actividade dunha visita dun contador de historias, sobre todo, dirixido aos alumnos de 1º/2º ESO.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura fará entrega á vicedirectora dunha previsión de actividades complementarias e extraescolares para o presente curso. Son as seguintes:

- Actividades de "animación á lectura" para 1º ou 2º da ESO.
- Visita e charla-coloquio ou ben reunión telemática con algún escritor ou escritora sobre os libros de lectura que lesen os alumnos para 2ª, 3ª, 4ª da ESO ou 1º Bacharelato.
- Asistencia a algunha representación teatral na localidade, Centro ou cidade próxima para 4º ESO ou 1º Bacharelato.
- Confección de vídeos, *book trailers*, audio-lecturas con motivo de distintas efemérides (Día do libro, da muller, Dereitos humanos...) para todos os cursos.
- Participación en concursos literarios da Comunidade ou a nivel nacional para todos os cursos.
- Concurso *Pasapalabra* intercentros (co CPI de Sobradelo de Valdeorras) para 3º ESO.

11. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Celebrarase unha reunión mensual do Departamento didáctico para abordar os puntos seguintes dos que quedará constancia no Libro de actas do Departamento:

- Análise da marcha do proxecto didáctico (contidos traballados ata ese momento en cada curso e grupo, retraso ou

non na secuenciación dos mesmos segundo o recollido na Programación, motivos do retraso no caso de existir este, etc.).

- Análise dos resultados despois de cada avaliación (registro dos resultados de aprobados e suspensos, medidas a tomar para mellorar os resultados (de ser necesarias), modificacións á Programación que se establecen para mellorar os resultados (de ser necesarias), etc.
- Reunión extraordinaria do Departamento didáctico ao finalizar o curso escolar en xuño.
- Análise global do proxecto didáctico.
- Análise dos resultados finais.
- Modificacións introducidas no proxecto didáctico ao longo do curso e motivos das mesmas.
- Propostas de mellora para o curso seguinte.

Polo tanto a Programación estará sometida a constantes revisións en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Nas reunións de Departamento observarase o grao de consecución dos obxectivos da Programación, modificando os elementos que sexan necesarios para acadar un mellor resultado. Calquera cambio estudarase nas reunións de Departamento e farase constar nas actas.

Todos estes logros e dificultades encontrados serán recollidos na Memoria final de curso, xunto coas correspondentes propostas de mellora, como vimos facendo, de cara a que cada ano, a práctica docente aumente o seu nivel de calidade.

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN MENSUAL DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- Impartíronse todos os contidos programados para este mes? En caso negativo, que contidos non se impartiron e cal foi o motivo?
- Vaise efectuar algún axuste na temporalización de contidos programada? En caso afirmativo, especificar o axuste.
- Vaise efectuar algún cambio metodolóxico respecto ao programado? En caso afirmativo, especificalo.
- Realizouse ou vaise realizar algún cambio nos criterios e procedementos de avaliación? En caso afirmativo, especificalo.
- Alcanzáronse os obxectivos marcados na Programación didáctica? En caso negativo, especificar os motivos.
- Atención á diversidade (medidas adoptadas).

ANEXO 1. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O PRESENTE CURSO: TRATAMENTO INTEGRADO DE LINGUAS (TIL)

Tanto na educación secundaria obrigatoria como no bacharelato é especialmente salientable que a aprendizaxe das distintas linguas establecidas no currículo destas etapas se trate de xeito integrado. Por este motivo, os departamentos de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura chegamos aos seguintes acordos que imos deixar reflectidos neste anexo e que se corresponden fundamentalmente con 1º ESO. Comezamos polo curso máis baixo, xa que se nos antolla como un proxecto moi ambicioso, así ano tras ano seguiremos incidindo no afianzamento e ampliación do mesmo.

1. ACORDOS SOBRE CONTIDOS EN 1º ESO

BLOQUE 1. AS LINGUAS E OS SEUS FALANTES (LC/LG)

Os dous departamentos traballaremos a diversidade lingüística do mundo e do ámbito persoal e social do noso alumnado. Isto farémolo ao comezo do curso xa que o 26 de setembro celébrase o Día Europeo das Linguas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN (LG)

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN: COMPRESIÓN ORAL E ESCRITA (LC) E BLOQUE 3. COMUNICACIÓN: EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA (LC)

Procuraremos que o noso alumnado vaia adquirindo e, pouco a pouco afianzando as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais, como xa adiantamos na Memoria final do Departamento.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DE TEXTOS ORAIS

	CRITERIOS	BEN	REGULAR	MAL	PUNT.
PRESENTACIÓN (1 punto)	Saúda á audiencia ou preséntase de forma adecuada e indica o tema de exposición de maneira clara e concisa.	Saúda á audiencia ou preséntase e indica o tema de exposición con vacilacións.	Saúda á audiencia ou preséntase pero non indica o tema da exposición.	Non saúda á audiencia e non indica o tema da exposición.	
EXPRESIÓN ORAL (4 puntos)	Xestualidade e postura	Mantén unha postura adecuada, contacto visual para captar o interese do auditorio.	Mantén unha postura inadecuada e só é quen de captar o interese momentaneamente.	Mantén unha postura inadecuada e non é quen de captar o interese.	
	Pronuncia, ritmo e entoación	O seu discurso resulta fluído e natural. O seu volume e entoación son adecuados.	O seu discurso é pouco fluído e natural. Fala demasiado rápido. A entoación e o volume por momentos dificultan a comprensión.	O seu discurso carece de fluidez e naturalidade. A entoación e o volume dificultan a comprensión.	
	Corrección lingüística	Exprésase correctamente sen interferencias lingüísticas.	Comete puntualmente interferencias lingüísticas.	Mestura continuamente castelán e galego.	
	Nivel e rexistro (riqueza léxica)	Emprega un vocabulario rico, variado e preciso, adecuado ao tema e ao rexistro formal.	Ás veces sérvese de imprecisións e expresións coloquiais.	Emprega un vocabulario moi pobre e con moitas imprecisións.	
EXPOSICIÓN CONTIDO (4 puntos)	Adecuación, coherencia e cohesión	Cumpre todos os puntos previstos achegando información pertinente. Organiza a exposición garantindo a coherencia e cohesión textuais.	Cumpre todos os puntos pero ofrece pouca información. Emprego de marcadores simples e escasos.	Incumpre os puntos previstos e a exposición resulta caótica e incoherente.	
	Dominio do tema	Ten coñecemento do tema e desenvólvese nel con soltura.	Descoñece algúns aspectos básicos do tema.	Descoñece ata os aspectos máis básicos do tema.	
	Conclusión	Remata o seu discurso de maneira axeitada.	A conclusión é demasiado breve ou extensa.	Non conclúe o tema.	
	Tempo de exposición	Utilizou todo o tempo destinado á presentación e desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración foi superior/inferior á indicada, aínda que desenvolveu todos os puntos previstos.	A duración da exposición resultou insuficiente para poder avaliar a actividade e/ou deixou dous ou máis puntos sen tratar.	
MATERIAL DE APOIO (1 punto)	Material de apoio (gráficas, esquemas, presentacións, imaxes...)	Usa material de apoio que clarifica a exposición e permite manter o interese da audiencia.	Usa material de apoio que clarifica a exposición aínda que non sempre consegue manter o interese da audiencia.	Non usa ningún tipo de material de apoio ou o que usa non é pertinente.	

Como xa anticipamos na Memoria final do curso pasado, unha das nosas propostas de mellora é o fomento da competencia lingüística escrita (comprensión, expresión e ortografía) e, para acadar esta meta ao longo deste curso traballaremos a produción de textos ou traballos escritos e/ou audiovisuais pautados relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar e co social do noso alumnado. Consideramos importante que eles se vaian familiarizando cada vez máis e, sobre todo, desde o comezo da ESO, coas técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto propio; xa que a escritura enténdese como un proceso.

Para a mellora na ortografía, ademais de poder realizar actividades encamiñadas á súa asimilación, traballaremos con ditados durante o desenvolvemento de todas as unidades didácticas.

Coa finalidade de non repetir contidos, relacionados con este bloque, o departamento de **Lingua galega** traballará a banda deseñada e os textos xornalísticos e o departamento de **Lingua castelá** os textos descritivos e instrutivos. Os textos dialogados abordaranse polos dous departamentos ao mesmo tempo que os xéneros narrativo e dramático.

RÚBRICA PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS OU TEXTOS ESCRITOS

	CRITERIOS	BEN	REGULAR	MAL	PUNT.
PRESENTACIÓN (1 punto)	Os traballos e/ou tarefas entregaranse escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro. Incluirá obrigatoriamente na portada a seguinte información: Título, nome e curso do alumno. As follas deben estar escritas por unha soa cara e obrigatoriamente unidas por grampas, clips ou portafolios.	Os traballos e/ou tarefas foron entregados escritos a bolígrafo azul ou negro. O traballo inclúe na portada: Título, nome e curso do alumno. O traballo entregouse en folios escritos por unha soa cara e unidos.	O traballo só presenta dúas das catro características solicitadas	Os traballos e/ou tarefas foron entregados escritos a bolígrafo doutras cores. O traballo non inclúe na portada o Título, nome e curso do alumno. O traballo non entregouse en folios escritos por unha soa cara e sen unión.	
	Deberán deixarse marxes: inferior e superior 2.5 cm. e na dereita e esquerda 3 cm. se o traballo se presenta a ordenador. Se a presentación é a man, débese coidar que a letra sexa lexible, a limpeza e deixar marxes suficientes.	O traballo presenta marxes: inferior e superior 2.5 cm. e na dereita e esquerda 3 cm. se o traballo se presenta a ordenador. Se a presentación é a man, débese coidar que a letra sexa lexible, a limpeza e a presenza de marxes.	O traballo preséntase coas características solicitadas pero non totalmente limpo.	O traballo só presenta unha ou ningunha das características solicitadas. O traballo presenta unha letra ilexible.	
EXPRESIÓN (4 puntos)	Estrutura: Portada, índice, introdución, desenvolvemento, conclusión e fontes)	O traballo desenvolve todos os puntos e respecta a estrutura externa.	O traballo só presenta a metade dos puntos da estrutura.	O traballo só presenta un ou ningún dos puntos solicitados.	
	Coherencia e cohesión	Empréganse marcadores discursivos axeitados e variados.	Os parágrafos non están ben estruturados. Emprega marcadores simples.	Os parágrafos están mal estruturados e non emprega marcadores.	
	Corrección gramatical	Non presenta erros gramaticais.	Presenta varios erros gramaticais.	Presenta erros gramaticais constantes.	
	Corrección ortográfica	Non presenta erros ortográficos	Presenta varios erros ortográficos.	Presente erros ortográficos constantes.	
CONTIDO (5 puntos)	Introdución	O traballo comeza cunha introdución na que se presenta e contextualiza o asunto a tratar.	O traballo comeza cunha introdución demasiado breve.	O traballo carece de introdución.	
	Desenvolvemento dos contidos	Desenvolve todos os puntos necesarios con contido relevante e léxico apropiado.	Desenvolve a metade dos puntos necesarios con contido relevante e léxico apropiado.	O traballo carece de información relevante.	
	Estrutura interna	Reparte os contidos respectando a estrutura interna.	O traballo presenta algún apartado moi breve ou mal dividido.	O traballo non presenta apartados.	
	Conclusión	Acaba o traballo cunha conclusión na que resume a idea principal e expón as consecuencias en cinco liñas.	A conclusión é demasiado extensa ou breve.	O traballo carece de conclusión.	

BLOQUE 3. EDUCACIÓN LITERARIA (LG) / BLOQUE 4. EDUCACIÓN LITERARIA (LC)

Os dous departamentos traballaremos ao mesmo tempo os mesmos xéneros literarios. Na primeira avaliación o xénero narrativo, na segunda o lírico e na terceira o dramático. Consideramos necesario desenvolver estes contidos ambos os dous departamentos para afondar neles e así poidan quedar afianzados no noso alumnado de cara a cursos superiores.

BLOQUE 4. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA (LG) / BLOQUE 5. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA (LC)

Traballaremos as diferentes clases de palabras ou categorías gramaticais. Cando falemos das conxuncións, tendo en conta o nivel no que nos atopamos, só traballaremos coa copulativa y/e, adversativa pero/mais e a disxuntiva o/ou

Na primeira avaliación veremos: substantivo, adxectivo, determinante.

Na segunda avaliación: pronome e verbo.

Na terceira avaliación: as palabras invariables: adverbio, preposición, conxunción e interxección.

Ademais, traballarase as principais **relacións semánticas**: sinonimia, antonimia, campo semántico e familia léxica.

No plano da **sintaxe**, traballarase a identificación unicamente do suxeito e o predicado e os seus núcleos, facendo fincapé na idea de concordancia para levar a cabo a construción de oracións ben cohesionadas.

2. ACORDOS SOBRE TERMINOLOXÍA MORFOLÓXICA

As clases de palabras ou categorías gramaticais:

- Substantivo: común, propio...
- Adxectivo (sen engadir "cualificativo")
- Determinantes: artigos (el, la, los, las, lo en castelán e en galego o, a, os, as), demostrativos, posesivos, indefinidos (aquí entraría o que anteriormente se denominaba artigo indeterminado un, unha, uns, unhas / un, una, unos, unas), numerais (cardinal e ordinal), interrogativos e exclamativos. A partir de 3º ESO tamén se verá o relativo.
- Pronome: Persoal (átono e tónico), demostrativo, posesivo, numeral (cardinal, ordinal), indefinidos, interrogativos e exclamativos. A partir de 3º ESO tamén se verá o relativo.
- Verbo. Os tempos verbais (**LC**):
 - Formas simples: presente, pretérito imperfecto, pretérito perfecto simple, futuro simple ou imperfecto, condicional simple
 - Formas compostas: pretérito perfecto composto, pretérito pluscuamperfecto, futuro perfecto, condicional perfecto ou composto, pretérito anterior
 - Formas non persoais: infinitivo (simple e composto), xerundio (simple e composto) e participio
 - Voces: activa, pasiva a partir de 3º ESO
 - Modos verbais: indicativo, subxuntivo e imperativo que só ten o presente

En **LG** falarase de presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro e pospretérito en indicativo. No subxuntivo: presente, pretérito e futuro. Infinitivo conxugado e formas non persoais.

- Adverbio
- Preposición
- Conxunción
- Interxección

Polo que respecta á segmentación morfolóxica ou recoñecemento dos constituíntes internos das palabras, acordamos falar de:

- Lexema
- Morfema derivativo: prefixo, sufixo e morfema discontinuo (en cursos superiores)
- Interfixo
- Morfema flexivo: xénero, número

Segundo o seu procedemento de formación, as palabras poderán clasificarse en:

- Palabras simples ou primitivas
- Palabras derivadas
- Palabras compostas
- Palabras parasintéticas
- Siglas a partir de 3º ESO
- Acrónimos a partir de 3º ESO

3. ACORDOS SOBRE CONTIDOS DE SINTAXE NA ESO

Para **1º ESO** só se verá a diferenciación entre suxeito e predicado, procedendo á identificación dos seus núcleos.

Para **2º ESO** traballarase a identificación das seguintes funcións: CD, CI, CC, Atributo, C.Axente.

Para **3º ESO** traballaremos a oración simple e para iso veremos as funcións primarias que quedaron sen ver en 2º: Predicativo e Suplemento ou C. Réxime e as unidades inferiores á oración, xunto coas súas funcións.

En **4º ESO** traballarase a oración composta, facendo especial fincapé na identificación de funcións e tipo de unidade e a construción de oracións ou textos cunhas pautas determinadas de antemán.

4. ACORDOS SOBRE TERMINOLOXÍA SINTÁCTICA

Estes acordos iranse concretando ao longo do curso e deixaranse reflectidos nos documentos pertinentes.

Nota: Cada un dos membros do Departamento de Lingua Castelá e Literatura terá unha copia da Programación didáctica do presente curso 2022/2023 e así, desta maneira, poderá consultar o que considere necesario para o seu labor de ensinanza-aprendizaxe.